

05 F E B R E I R O D O 2 0 0 9 - N Ú M E R O 7 5 5

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



Xosé Luís Méndez Ferrín [70x50]

O dez de novembro do 1955, aparecía na páxina tres do xornal vespertino *La Noche*, en Compostela, a primeira colaboración de Xosé Luís Méndez Ferrín, daquela un rapazolo de 17 anos que acababa de matricularse na Universidade de Compostela e que está a ter os seus primeiros contactos co galeguismo. A súa presenza en *La Noche* prolongouse até 1965 –dous anos antes de que pechase o xornal– a través de case trinta artigos, na súa inmensa maioría referidos á Literatura e á pintura galegas, cun perfil que amosa até que punto Ferrín, a aquelas alturas, tiña elaborado xa o seu discurso literario, os seus gustos e as tendencias polas que debía circular a creación do país para engastarse á modernidade. Oito daqueles artigos aparecen agora en *Revista das Letras* como contribución á homenaxe que mañá recibirá o escritor en Vigo polos seus **70** anos e os **50** transcorridos des que apareceu unha das súas obras de maior repercusión, *Percibal e outras historias*. Son oito textos orixinalmente en castelán –o control político exercido sobre o

Ferrín en ‘La Noche’

xornal era extremo–, unha lingua na que escribían entón todos os seus colaboradores galeguistas, desde Otero Pedrayo a Blanco Amor, Alonso Montero, Fernández del Riego ou Celso Emilio Ferreiro. Aquí está o Ferrín que loa a Pedrayo pero non dubida en escribir que o seu “estilo tradicional” ten tamén defectos. O Ferrín que admira a sonoridade de Fole pero deixa caer que os seus contos son pouco ambiciosos. O Ferrín que e inventa e rescata palabras. O Ferrín previo á descuberta marxista que encumia a García Sabell, que ensalza o maxisterio de Carvalho Calero ou lamenta a profusión dunha “escola neopopular” e “infantiloide”. E tamén o Ferrín ligado firmemente aos ideais estéticos e políticos do colectivo Brais Pinto, o militante da revolución de Manuel Antonio e do verso emocionalmente comprometido. A selección realizouse obedecendo a unha temática literaria e á importancia dun testemuño que recupera as disputas culturais dunha época na que o galego, e a Literatura galega, non podían aparecer nos titulares.



Pondal, forxador de mitos

Mito é fábula e ficción. O home ama o mito porque o libera do tremendo encadeamento á realidade cotiá. O home busca incesantemente camiños á fantasía e refúxiase no mito que lle franquea en toda hora os seus brazos enervantes.

Antano eran só uns poucos mitos. *Ramariana, Ilíada...* Uns poucos heroes encadeados a uns ciclos nos que xiraba, en sempiterna e eterna pirueta, o xogo imaxinativo dos que creaban. Sófocles, Eurípides e Esquilo adscribíanse a fábulas establecidas co rigor hierático da tradición. Pero o tempo e a evolución foron valorando a orixinalidade e chegou a época na que todo home podía fantasear de seu, privilexio antano do xeño ou do pobo anónimo e podente.

E velaquí que a literatura é forxa de mitos. Cando o literario se prega na dimensión abisal do seu ego e vibra en son de lírica, o mito non sae da súa pluma allea ao proceso narrativo, e o lector é o encargado de facer a ficción e a fábula arredor da figura mesma do poeta. Son así mitos as figuras de Rosalía, Safo e Swuzenko, e cando o artista bruñe as durezas diamantinas da prosa no conto ou na novela, ou cando ordena as estrofas épicas do poema crea activamente os mitos que imaxina e á súa vez é obxecto do mesmo proceso de mitificación por parte do lector devoto. Vemos, pois, que homero é un mito, tan mito como Odiseo ou Aquiles, e tamén vemos que Mistral está tan deshumanizado como Mirelo. Outro exemplo pode ser Verdaguer.

O mito ten sempre no noso interior unha valoración, a veces case incosciente, heroica e relixiosa. Isto parece ser influencia ou reflexo quizás dos “colosales poemas do mundo e do trasmundo” que nos legou o Oriente, ou as ficcións relixiosas e heroicas da Grecia, sempre a través de dous venerables mitificadores: Homero e Hesíodo. Se ben, como en principio dixen, mito equivale en verbo castelán a fábula, intimamente non facemos nunca sinónimas estas palabras. Mito é creación inmóbil, de presenza grave, e fala sempre en heroico e relixioso.

En Galicia, os poemas teñen algo de sagrado, algo de intocable, como ben apuntou Teixeira de Pascoaes, e aparecen nimbados dunha aureola céltica que acrecenta os seus brillos canto máis se afasta a figura no tempo. Martín Códax, Pero Meogo ou Macías son vagos pantasma que debuxan os seus perfís inconcretos contra a brétema do medievo. Son os nosos máis vellos mitos literarios. Despois, no Romanticismo séguese a teogonía bárdica en Rosalía saudosa, en Curros intransixente e en Pondal, mito perfecto e creador de mitos.

O obxecto destas mal ganduxadas liñas é a figura de Pondal, en canto é voz eterna e inactual, falándonos de seres e de cousas que inmediatamente incorporamos como algo propio á mitoloxía dos que, por obra do señor, temos a gloria de nacermos celtas.

“Os celtas somos o pobo de Cristo”, afirmou Calloh, un bardo bretón, e invocando esta fidelidade pido alentos a El para confirmar nun próximo artigo, algúns conceptos sobre o que é gran símbolo de Occidente: Eduardo Pondal.

‘*Terrra Brava*’ de Ánxel Fole

Unha zona inexplorada do idioma e da paisaxe de Galicia

Teño sobre a mesa, aberto na súa última páxina, un libro non de moita idade: *Terra Brava*, de Ánxel Fole. É un regularmente groso libro de contos en lingua galega. Resulta curioso de ver como o conto se vai consolidando, cada vez máis, como parte esencialísima da nosa literatura. Excelentes contistas tivemos e temos: Álvarez de Nóvoa e Pérez Placer, nun tempo novo que chega até agora: Dieste, Otero Pedrayo, Castelao, Montes e –bota-dos ao público ao mesmo tempo, pero de ben diferente idade– Ánxel Fole e Gonzalo R. Mourullo.

Este home que é Fole, coa súa boina caída á esquerda, o seu cigarro torto nas comisuras, a súa fala aguda e pintoresca, ten algo ante o que non se pode permanecer indiferente. Como cando o vemos invocar os perfumes da primeira antes de partir a lanza do seu dogma estético do ruralismo todopoderoso, e logo dicir que Luís Pimentel é bastante bo poeta pero “minimamente galego” por non ocuparse de folclores... Ben, daquela un tense que poñer de pé e dicirlle: “Don Ánxel... amodiño, que o que é bo, por ser bo val”. E cando fai contos Fole é sempre el enteiro e pleno, sen concesións. É rotundamente Ánxel Fole. Agora que acabo de dar remate ao seu último libro de contos sei ben.

[Idioma]

O idioma de Fole, tanto aquí en *Terra Brava* como hai uns anos en *Á lus do candil*, supón unha poderosa e sanísima renovación do noso léxico literario. Cando empezou a escribir en galego, foino por esa banda da Coruña; Rosalía e Pondal estableceron entón cátedra e arredor deles foron cristalizando os agora indispensables termos cultos. Curros mesmo e Lamas Carvajal teñen algo de pouso ourensán na súa lingua. Pero houbo e hai enormes reservas idiomáticas, grandes zonas inexploradas de léxico e sintaxe, que agora se empezan a cachear e incorporar á literatura. Realmente é maravilloso de oír o son bronco, xeolóxico, das vellas palabras –palabras inéditas á imprenta– coas que Novoneyra vai definindo as soidades do Courel, ou coas que o noso Fole conta, co seu aire de auga caudal e sonora, o mundo e o trasmundo dos homes do Incio.

Levabamos anos de idioma artificial, de desmesuramento, de lusitanismo, de medievalismo, de idioma morto. Agora, pleno e sonoro, aparece o auténtico idioma, que está pegado ao chan coma nós, na obra dos renovadores como Ánxel Fole. (Paralelo a este feito e por outro rumbo, a lingua galega utilízase, sométese a forcexo, disténdese e adapta ás máis precisas concrecións do pensamento, e creado, servible xa temos ante nós o galego científico e filosófico).

M. García Paz, no 1933, publicaba *IV Melodía*. Compararía eu este libro, polo seu sonoro dicir montesío, de Viana do Bolo, con este outro dicir de Fole, se non fose aquel –García Paz– demasiado delirante e extremado de desequilibrios. Por iso, o que García Paz puidese ter de precursor de Fole, non se nota.

[Paisaxe]

Para min, aprendiz sen seguridades, a paisaxe é tema importante, de primeirísima importancia, na creación literaria. George Sand, aquela romántica do bucolismo, descubríase ante el e honrábalo coas máis profundas das súas cortesías: “Et pourtant, la nature este éternellement jeune, belle e genereuse” (*La Mare au Diable*). Azorín –¿que ía dicir el, caramba– afirma tallante: “Lo que da la medida de un artista es su sentimenitno de la naturaleza, del paisaje... Un escritor será tanto más artista cuanto mejor sepa interpretar la ‘emoción’ del paisaje...” (*La Voluntad*). E agora vemos

a paisaxe de *Terra Brava*. Aquí a gran forza de descrición que posúe Fole, ao enfrontarse coa paisaxe, tempera o seu aceiro e corta sobriamente, con moderación de adxectivo, as notas esenciais que vai colocando ante os nosos ollos, unha a unha. A impresión visual xoga un papel preponderante, despois a impresión auditiva e olfactiva, nun segundo plano, completando a pintura. Abóndanlle catro pinceladas para descorrer a cortina, e os lectores admirados contemplamos a paisaxe brava, dita en duras verbas, como a entraña de ferro na terra do Incio: “Tróugome unha ventada o doce cheiro dos sabugueiros da congostra. E vin rubir unha alauda plo aire, chirlando bébeda de lus. Logo albisquei, na outra banda do río Mao, o lugar acasado de San Eufrasio i a vivenda de padorna. Tremelecían as aveas i os centeos, xa marelos pola maturidade. Ante a follaxe lostregante dos chopulos da ribeira, revolexaban as anduriñas. A farturenta beleza do val enchía os ollos de ledicia. O sol da tardiña baixa faguía arder o mouro fito dun alciprés coma un fachón. E logo as ferraduras da miña besta resoaron nas táboas dun pontigo”.

[Tema e técnica]

Vén toda unha terra, neste libro, a incorporarse ao noso temario grande. Vén o Incio, con fontes de auga vermella, aguias e xente rexa. Até agora coñeciamos moi ben a branda mariña, coa súa gaita doce, agora sabemos duns homes de montaña, grandes bebedores de coñac e café, duns labregos de ollos espantados e idade antiquísima, estacionada polas crechas do monte. Agora coñecemos unha terra inédita, con lobos na noite, con médicos galopadores e lendas impoñentes como pallozas. Fole coñece tan ben o seu “rus” e as persoas do seu “rus” que, sen quere-lo, –xa me pasou así en *Á lus do candil*– vénme unha e outra vez á memoria aquel gran túzaro, de gorro de raposa e cabelo gris, que se chamaba Vladimiro Korolenko, e aqueles contos nos que a simpleza dos paisanos se mesturaban coas xogadas dos trasgos, e que había ucraíños grosos, e cacerías e bruxas... isto de Fole lémbreme moito aquilo de Korolenko. *O soño de Makar* ou *Ion Nipur* puideran estar escritos por Ánxel Fole se fose natural de Kiev.

A técnica do conto neste libro é simple, non hai nós complicados, falsas pistas, pretensión de sorpresa... nin nada. Hai un señor que conta un conto dunha maneira simple, incomplicada, o lector estao escoitando e escóitao contar máis ben que lelo. Os asuntos son diversos: o lance medio policial de *Por uns pelos*; o sinxelo e aldeán humor de *O corpo do delito*, a excesivamente fácil psicanálise de *A estadea i o Urco*; as fermosas *Tres historias do pazo de Lucencia*, todas elas co seu aire de Valle-Inclán, e de Otero Pedrayo, no seu evocador XIX; en *As tramas do Toño*, o tema do rapaz traste vén atoparse, desde Richmal Chrompton e Mark Twain, en Fole e a facernos boa graza... En fin, todos contos sinxelos, robustos e bos contos.

Fole parte dun mundo de realismo, dun mundo tan real que as señoras fidalgas falan castelán, tanto que os abades e os avogados zampan queixos de Boimorto e fuman farias grosas. Despois, só un paso cara a atrás e entra Fole co seu conto nun trasmundo poboado e ricaz, nun Alén cheo de sorpresas. E aí, nesa encrucillada, está Ánxel Fole, co seu xesto de home que mira o paso da procesión das xentes.

Á fronte de *Terra Brava* vai o mellor prólogo que se escribiu na nosa lingua; é todo un alarde de coñecemento da alma do home e da alma do home galego, que aínda máis. Escribiuno García Sabell para satisfacción dos que andamos preocupados pola literatura.

Carta a C. Roaç sobre o último libro de Otero Pedrayo

Querido amigo C. Roaç:

espero que o verán da túa terra teña o ceo de azulina. Espero, tamén, que o teu espírito estea sereo, sobre o lombo das dunas, oíndo o romper das ondas, de tres en tres e en complicada puntilla. Así –coa paisaxe apracible e quente– poderás ler máis a gusto a miña carta pública.

Hoxe quixera falarche –sen pretensión de rigor– dun libro de varios meses de idade. O seu título é: *Entre a vendima e a castiñeira*. O seu autor é Otero Pedrayo, grande, poderoso e “caudal” como as augas do teu río Menk. Produce un fondo gozo observar como os grandes mestres nunca dormen sobre o construído e –hombreiro contra a trincheira– non cesan na loita teimosa pola imaxe, pola emoción, polo calafrió que hai que imprimir sobre o que adoita darse na lectura. Son xa 36 anos os que percorreron desde o nacemento da primeira e inesquecible novela de don Ramón: *Pantelas, home libre* e ao cabo do longo prazo cheo por 20 libros de asunto diverso: historia das ideas, paisaxe, xeografía, e un libro de contos dámonos de fuciños cun volume máis, que, igual que aqueles *Contos do camiño e da rúa* acabados de aludir, contén unha valiosísima colección de narracións breves, digamos en sentido usual e reducho: contos.

Se entendésemos, amigo Roaç, ao que se chamaba en preceptiva verba o “fondo” poderíamos dividir estes contos por asuntos (“asunto”, outro vello concepto insustituíble) e teríamos contos “realistas” e contos “fantásticos”, que dividirían en dúas partes se non simétricas, si case simétricas o volume dos contos deste gran libro que estou comentado. Se tratásemos de subclasificar –como vulgares e atrasados positivistas– os seus contos fantásticos, teríamos, en primeiro lugar, o grupo daqueles preocupados especialmente pola Morte –unha morte con maiúsculas, grave pero bastante amable– dentro das maneiras tradicionais coas que o pobo da nosa terra comprende, sente e trata a Morte, e, nun segundo lugar, teríamos un grupo de contos de temática refantásticos, idealistas e finalmente estilizados. Dentro dos contos de tema realista –que antes e arriba che sinalaba– aparecen brillando coa súa gran voltaxe aqueles que tradicionalmente veñen sendo tratados polo mestre e en cuxas liñas de posibilidades está encadrado o mellor da obra novelística de Otero Pedrayo: o ambiente rural galego, os grandes tipos de labregos e fidalgos, tallados con gubia ferinte, naturalista, rexa, intensísima. Podemos apuntar aquí unha das parellas de forzas que Carbalho Calero sinala como actúantes e contrapostas na obra de Otero Pedrayo: idealismo-realismo.

Se ti, Roaç, creses aínda o que se chama “forma” en literatura, diríache que a forma estilística dos contos nesta colección é de dous tipos ben definidos: a) o estilo tradicional de Otero Pedrayo, o seu personalísimo estilo de sempre, fondoso, vizoso, exuberante; b) un estilo cinguido, realista, aséptico que emprega –creo– o seu autor por primeira vez nestes contos. É notable, é emocionante de ver como a loita pola expresión non amaina, non goza sobre as vitorias nin se arroupa nas branduras xa adquiridas, aínda nos grandes estilistas. Ti, amigo Roaç, filósofo da linguaxe, admirador de Saussure e Meillet, sabes moi ben que desde Humboldt, a linguaxe debe ser comprendida como enerxía actividade, dinamismo e o mellor dos paradigmas para expresalo é esta nova linguaxe á que chegou Otero Pedrayo: Le o primeiro dos contos *A revolta de Casdenón* e observa o dramatismo intenso, a expresividade forte, como son o produto duns xiros sintácticos descarnadamente precisos. “Foron ao abogado, andiveron regalos e merendonse homes”; “O vello dos Inxertes non tiña duda”; “Botarse de capitón ó río”. Repara tamén como

o xogo racional se reduce e se corta, chegando en ocasións á máis elemental xustaposición; “Foi alá co mozo. Iste tallaría os pinos. Non pasaban de dezaioito ou vinte. Outáns, escuros de frouma e rouca voce no vento. Pol-a encosta era doado botalos a rolar deica a estrada, despois de tronzalos. Na estrada recolleríaos o camiión”. Pero, a carón destes contos escritos nun novo estilo, están outros, a maior parte do libro, no vello estilo de Otero Pedrayo, con toda a súa grandeza e con todos os seus defectos.

Sobre o estilo –o de sempre– de Otero Pedrayo, díxose e díxéronse ben e moitas cousas. E non te vou cansar, querido Roaç, insistindo no máis repetido. Direiche, non obstante, que as palabras vivas, suxeridoras e enxebres –naipelo, fatitinada, rodopío, adega– van a carón doutras de procedencia diversa que foron despoixadas do seu sentido habitual para adoptar unha nova significación. Así “considerar”, na prosa de don Ramón, equivale sempre a ver; “agasallar” a ser iluminado polo sol; o adxectivo “doncel, doncela” inmobilízase na súa forma masculina, universaliza o seu significado e incluso a beleza pode chegar a ser “beleza doncel”. O graduamento de xenitivos sinalado por Carbalho Calero como trazo estilístico moi característico do noso autor dáse abondosamente no libro que comentamos, fíxate senón no seguinte exemplo: “Non rula nil o ameazar do pedrazo mancador dos tenros capios dos acios nas parreiras”. A sintaxe é discretamente arborescente. Os xerundios –co seu valor durativo, imperfecto– dan ao período un ton lentamente activo (o período será longo ou curto segundo o requiran as circunstancias e o tema). A acción verbal introdúcese na substantivación –debido ao frecuente emprego de infinitivos, incluso en plural– e na adxectivación, coa frecuencia de participios de presente e outros verboides ou formas non persoais do verbo: todo isto confírelle á prosa de Otero Pedrayo un ritmo pausadamente dinámico e dunha fonda vitalidade. Perdoa, amigo Roaç, que me atreva cos primeiros pasos na túa especialidade da estilística, ti saberás dispensar o meu atrevemento de aprendiz.

Agora gustárame irche contando a impresión que estes magníficos contos (un a un, con calma, con fonda e pausada delectación) me causaron. Falaríache da recidume sicolóxica do Dorindo de *Co luar escornado do San Martiño*; do refinamento exquisito, a pulcritude aristocrática de *A santa compañía* cuxo protagonista feminino nos lembra –pola súa raíz entrañable– a dona Inés de Azorín; a exhuberancia barroca, digna de Rubens, de *O ladrón da Burga*, que te traería á memoria na súa mestura de liturxia e sensualidade frondosa de Gabriel Miró; a xoia lucente, puída, clara, de *As botas do camiño* etc. Pero, querido Roaç, non teño tempo de máis e teño traballo, un duro e imposto traballo, baixo o ceo azul que ti gozas sobre a duna e eu malgasto sobre a sintaxe latina.

Espero que non fose excesivamente molesto nin prolixo, pero xa sabes que aquel a quen eu chamo mestre detén o tempo coa súa palabra. Recibe unhas fondas apertas.

‘Sombra do aire na herba’. *A Escola da Tebra procede* *de Luís Pimentel*

Agora que xa hai meses que o primeiro libro groso de Luís Pimentel (*‘Sombra do aire na herba’*. Galaxia. Vigo. 1959) comezou a andar polo mundo dicindo as súas palabras verdadeiras e cargadas, vou eu falar del en ton divagador.

A poesía galega do século XX é un complexo onde se cruzan diversas forzas de oposta dirección. Liñas de procedencia dispar entrecrúzanse e contrapóñense, converxen e dispérsanse como nun dinámico lenzo de Mark Tobey.

E velaí que, a partir de Amado Carballo, unha escola poética neopopular, alegre, infantilóide e paisaxista, prolifera en toda unha serie de seguidores máis ou menos orixinais, que á nosa altura de [1959] teñen moi pouco interese.

Por outro lado, Bouza Brey descobre os Cancioneiros con ollos actuais e, con Álvaro Cunqueiro á fronte, levanta a cabeza, tocada de cascabullos, a liñaxe dos novos xograres.

A Manuel Antonio déixoo para o último, porque eu creo en Manuel Antonio sobre todos os poetas que cantaron –ou chiron– na súa época. Manuel Antonio non deixou escola. A súa poesía era demasiado prematura, presupoñía un nivel cultural e unha flexibilidade de espírito que a masa de lectores galegos non posuía entón. É por iso que o que hai de Manuel Antonio noutros poetas vale máis silencioso.

Despois aparece, neste sistema de oposicións, a terceira forza. Aparece a voz fonda, negra, tremante, de Luís Pimentel. Ao paisaxismo da escola neorromántica, aos cancioneristas, á palabra xeadada, hierática e pura de Manuel Antonio, engádese un mundo novo, de factura orixinal e radicalmente verdadeira. Daquela é cando todo o mundo se decata de que un gran poeta vivía entre nós. Estamos no 1950. A colección Benito Soto, de Pontevedra, publica o primeiro libro de poemas de Pimentel: *‘Trsicos’*.

[Escola da tebra]

Pero o rebulir das tendencias e as formas non cesara de producirse, unha vez fixados o clixé amadocarballista ou cancioneril. Na actualidade, a carón de poetas orixinais tan interesantes como Celso Emilio Ferreiro ou Díaz Castro, unha nova escola está fixando a súa factura e os seus límites: Cuña Novás, Manuel María, Alexandre Criebeiro, Ramón Loirenzo, Reimundo Patiño, fan poesía dunha maneira similar. Parten quizás de Rilke, de Dylan Thomas, de Aleixandre, de Aragón ou de Neruda. A súa palabra é escura. A súa imaxe revélase desfeita. O seu mundo é un edificio moi entebrecido e moi irracional, onde ferven os símbolos, as ansias do instinto e a dor continuada. Pois ben, estes poetas, desde un punto de vista histórico-literario, proceden de Luís Pimentel, presupoñen a Luís Pimentel. Esta nova poesía comeza a vivir cara ao 1950, data da edición do primeiro libro de Manuel María. Se Manuel Antonio e Amado Carballo son os pais de toda a poesía da primeira metade do século XX, Luís Pimentel será,

así mesmo, o pai da poesía galega da segunda metade do século.

E estes poetas novos (esta “escola da tebra” como xa a chamaron; o que polo momento constitúe a vangarda da poesía galega, o seu batallón de choque) son os que acollen cunha calor especial a poesía de Pimentel e reclámana como cousa moi actual e súa, o cal non deixa de ser sorprendente e significativo se se ten en conta que Pimentel nace no 1895 (a xeración de Dámaso, Alberti, Lorca) pero non participa nas modas e doutrinas que removeron fondamente os seus compañeiros de produción en Galicia e en toda Europa, senón que comeza tendo a Francis James por autor de cabeceira. Facéndose permeable a Jules Supervielle, como Celestino F. de la Vega ben descobre.

Pimentel comeza, pois, a pasear as murallas de Lugo do brazo da tradición simbolista, no que esta tiña de máis endelgazado, incorpóreo e puro. E el mesmo faise a súa propia revolución (é dicir: evolución) estética.

[Cara ao mundo abisa]

Comeza sendo un precioso e un requintado. Selecciona aqueles obxectos que máis depurados se ofrecían á súa apetencia sibarita: espello, cofre, nacre, ébano, piano, camelia, pazo, escalinata. Pero non é só isto, non. Se a súa poesía fora un regusto sensible nada máis, eu non estaría agora escribindo de Luís Pimentel. Despois vén a cara negra, a morte, as botas dos náufragos, os pómulos amarelos, o pelo triste, a pelve, a dor. E estes elementos mestúranse de forma dúctil, amébida, nun delicado e cinguido verso libre, que ás veces estira os seus brazos como un cefalópodo que nos envólvese nunha masa pulposa de negrura e paradoxo: “Calemos... / Eu véxote así: / Crespós nas estrelas, / ollos abertos de nenos mortos carvados nas salas do pazo”.

E el fai así, vai facendo así o seu mundo abisal. Nunca renega da preciosidade inicial, pero avanza até moi cerca do río de peixes escuros do subrealismo. E a súa técnica é a xustaposición de imaxes, de maneira impresionista. E estas imaxes son absolutamente novas, visionarias –como diría Bousño–, hodiernamente válidas.

Para acabar. É curioso de ver que poetas que comezaron a escribir no máis atrevido dos tons vangardistas, envellecen galopadamente duns anos para aquí, mentres que este tipo misterioso e único, Luís Pimentel, é agora a voz máis válida, actual e boa de cantas poxan por deixarse oír en galego, hoxe.

Un libro de Ramón Lourenzo. 'O que se foi perdendo'

Está visto que o libro *O que se foi perdendo* (Brais Pinto. Madrid. 1959) de Ramón Lourenzo, está suscitando discusións. Isto quere dicir que a xente o leu e que lle chocou, por unha parte a súa técnica versificadora moi novidosa, e pola outra o seu apaixonamento fundamental. Sei que o autor recibiu moitas cartas, de descoñecidos e de amigos, uns impugnando a súa obra e outros loándoa sen reservas. Na prensa diaria, Aquilino Iglesia cualificou esta poesía de “adolescente” (ignoramos por que) mentres Ánxel Fole, en Lugo, non lle facía graza que poetas mozos desbotaran a “retórica tradicional” e preferisen a “retórica da angustia”.

Na lapela do libro de Lourenzo lese: “Iste libro está na primeira liña da poesía galega de arestora i é unha mostra do espírito de Brais Pinto, renovación e fuxida da retórica tradicional”. Suscribo todo isto, como responsable directo da redacción da lapela. E aclaro, de paso, que nada ten que ver a fuxida da retórica tradicional co tópico da angustia. Pódese facer poesía angustiada con maneiras retóricas caducas. E pódese facer poesía moi alegre que nada teña que ver coa vella retórica. E, claro, non lle dou ao término retórica un valor preparativo, senón o seu propio de “arte de ben dicir, de embelecer a expresión dos conceptos”. Con palabras máis modernas: suma de recursos estilísticos que o autor ou época utilizan.

Durante a primeira metade do século XX, unha maioría de poetas galegos preferiron utilizar fórmulas retóricas propias dos séculos XVI ao XIX, ambos inclusive. Aínda que na maior parte destes poetas se advirta, máis ou menos disimulada polo neopopularismo ou neotrobadorismo, a marca da “imaxe visionaria”, sistematizada por Bousoño, que triunfa plenamente no gran Manuel Antonio. Aquí, en Madrid, Brais Pinto propúxose liquidar os últimos restos de retórica tradicional que aínda fumegan no noso país. Por iso lanzou este libro de Ramón Lourenzo que, formalmente, pode adscribirse, como punto galego de referencia, a esa maneira de tratar a materia lingüística que levou a Cuña Novás á creación do libro magnífico que é *Fabulario novo*.

En Lourenzo, a substantivación é insólita, e unha serie de palabras-clave son repetidas obsesivamente, despoixadas da súa carga semántica usual. Un verso libre, nada musical, é a canle por onde transita un río emocional desbordado, apaixonado, convulsivo. Agora é cando aparece a dor, a rabia, a desesperación. Todo o libro é unha confidencia negra e rouca, produto dunha experiencia humana do autor. Chegado a este punto, debo salientar a sinceridade case insultante que se desprende destas páxinas, rodeándoas como dunha atmosfera. Este é un dos valores do libro. Isto é “o que se vai gañando”, como moi ben dixo Alfonso Sobrado Palomares.

Xosé Alexandre Criebeiro

na poesía de Galicia

Foi lamentable que a Academia de Suecia concedese o premio Nobel de Literatura a Saint-John Perse, que sempre foi un poeta oratorio e verboso, en certa maneira na liña de Claudel. Se en Estocolmo tiñan a teima de ofrecer o seu famoso premio a un poeta en lingua francesa, ben poderían acordarse do gran mestre André Breton ou de Michaux, o cerebro máis fino e dislocado da Francia actual, ou de Prevert, ou sen ir máis lonxe do escuro e intenso René Char, o meu vello amigo. Estes nomes interesaríanme moito porque se podería facer un fermoso artigo comparando a última novidade da poesía galega, que é Criebeiro, coa maneira de facer poética destes grandes poetas franceses. Pero ningún deles é premio Nobel, nin creo que o sexan nunca, e carecen de actualidade periodística. Laméntoo, pero comparar a Saint-Jhon Prese con Xosé Alexandre Criebeiro é como comparar os nísperos coa auga de litina. Renunciemos pois ao efectismo e digamos algo do que a poesía *Acoitado na espera* (Brais Pinto. Madrid. 1960) vén sendo, dunha maneira rápida.

Este é un libro de poesía galega dividido en tres partes chamadas “esperas”. Eu creo que a primeira “espera” é un intento de revelar a máis fonda e retirada personalidade do poeta. E o máis fondo e retirado da nosa personalidade non adoita ser rexión moi iluminada, nin moi esclarecida. Por esta razón, cando Criebeiro pretenda descubrírnos a guarida do seu “eu” último, faino servíndose dunha avalancha, rota e desatada, de palabras, que escurecen o proceso comunicativo. Hai unha tendencia en Criebeiro á utilización de recursos lingüísticos con máis xustificación irracional que lóxica. Por iso cando o verso de Criebeiro se despoxa e se endelgaza, faino rouco e breve, é cando nos atopamos en momentos poético cheos, até os bornes, de verdade e beleza: “Mírame, atardecer, por dentro / encontrarás, justamente, a Xosé Alexandre revelándose desde todas las cosas”.

La segunda “espera” ten un motor emocional moi distinto da primeira. Se antes nos atopabamos ante unha sombra ou dexección da individualidade do poeta, agora atopámonos esta individualidade en conflito con outra individualidade, en conflito cun próximo. A segunda “espera” é unha colección de poemas amorosos. Do “eu” puro pasamos ao sexo, e entendemos o sexo como unha das principais forzas centrífugas e expansivas do “eu”. O que nos atrae destes poemas amorosos é a súa case total ausencia de sentimentalismo e a súa natural sinceridade. Aínda que son consciente de que algún poema podería ser extraordinario, rebéntao un final de fácil audacia, de raíz ultarísta ou de laforguiana. Creo con fe firme na calidade nobilísima destes poemas de amor:

“Al fin la tristeza soy yo. / Yo solo. Yo en medio de todo. / Todo es silencio. Todo grita. / Sólo tu, mujer, / valle de sombras conmigo / te levantas en la noche y me miras”.

Creo que o mellor Criebeiro se atopa, por agora, na maior parte dos poemas sexuais da segunda “espera” e na totalidade dos poemas civís da

terceira “espera”. Porque a última parte do libro está anunciada nun ton de protesta social. Non se crea que Criebeiro segue, máis ou menos de cerca, a algún determinado mestre da chamada poesía social. O noso poeta é orixinal cando protesta ou se desgusta ante unha circunstancia hostil ou repugnante: “Este tiempo en que mentira / es providencia / y llanto una espina que se alarga”.

Todos os que somos lectores de poesía galega, debemos estar agradecidos a Xosé Alexandre Criebeiro por esta mostra que nos dá da súa auténtica e peculiar arte. Persoalmente eu creo que en Criebeiro se atopa unha das claves da gran poesía galega do futuro. No momento actual, Criebeiro é xa un gran creador diferencial, que é o máximo que dun poeta poida dicirse, creo eu.

Aparición do *behaviorismo* na narración galega. ‘*Lonxe de nós e dentro*’, de Suárez Llanos

“Un bo estilo é un raio de luz que entra pola miña fiestra cando estou escribindo e que debe a súa claridade pura á unión íntima das sete cores das que está composto. O estilo simple é parecido á claridade branca. É complexo, pero non o parece”. Esta é a opinión de Anatole France sobre o bo estilo. E despois de ler *Lonxe de nós e dentro*, libro de relatos de Camilo G. Suárez Llanos, temos como cousa certa que a complexidade do seu estilo, unificada, como a perfecta luz branca, nunha harmonía íntima que o fai parecer simple, axústase á definición de *Le Jardin d'Epicure*. Este clasicismo, equilibrio da mellor especie, continúa evidentemente a liña iniciada na nosa literatura pola prosa de Castelao.

Pero o estilo –ou o antiestilo–, en narración, constitúe só un elemento e non precisamente o elemento máis esencial. Comezamos por falar do estilo de Suárez Llanos porque o equilibrio e o clasicismo que o caracterizan, unido a unha contención espartana, é o que define tamén a nadina técnica dos seus contos. *Lonxe de nós e dentro* é, sobre todo, un libro breve, composto por cinco relatos breves.

Se nos introducimos en cada un destes cinco relatos encontrariámonos con cinco fermosos microcosmos, dotados de atmosfera diferenciada e ritmo interno propio.

O primeiro deles é *Viaxe a traveso da noite*. Constitúe a historia dun estranxeiro –un continental– que perde o último autobús nas aforas de Londres e os seus intentos, a través da inhospitaliaria noite inglesa, por chegar á súa casa en auto stop. Isto dá lugar, en atinadas digresións de monólogo interior, a que o *continental* cavile sobre a súa vida en Londres e sobre quen o rodea; como resultado, temos neste conto un selecto mostrario dos problemas dun inmigrante no Reino Unido. Unha das peores cousas que poden ocorrerlle a un home é perder o último autobús en calquera cidade británica. Os que sufrimos esta experiencia sabemos que verdadeiro e *strictu sensu* realista –como o seu autor quería– é este magnífico conto, sutilmente penetrado pola dialéctica minimizadora, polo bizantinismo do absurdo inventado por Franz Kafka. O título foille pedido prestado a Louis Ferdinand Céline, da súa *Voyage au bout de la nuit*. Pero non hai nada aquí do horroroso, tolo e alucinante mundo do mellor escritor fascista que tivo Francia.

En *Negra sombra*, o conto seguinte, unha señorita aristocrática, horrorizada ante un obxecto obsceno atopado no peto dun irmán morto, decide procurar que un tren expreso pase sobre ella. Neste conto, impresionáanos sobre todo o clima de prexuízo, escrúpulos e falta de hixiene, creado arredor da malpocada señorita que se vén esmaiando, ao final do relato, como unha flor, pero como unha vella, estéril flor de trapo.

O *behaviorismo* ou condutismo é unha técnica psicolóxica norteamericana que estima que a única forma de coñecer un home por dentro é observando como se manifesta por fóra, observando a súa conduta (en inglés *behavior*).

Pois esta escola tivo unha sorprendente audición na narración máis actual de todo o mundo, a chamada novela obxectiva ou condutista. Trátase dun relato en terceira persoa onde o autor se inhibe e deixa os seus personaxes que se manifesten, que se “conduzan”, da maneira máis próxima ou como o fan na vida ordinaria. Neste tipo de narración o diálogo ten moita importancia. Un diálogo espontáneo sen literaturizar, como recollido nun magnetofón. Pois ben, o primeiro exemplo de narración condutista na nosa literatura, constitúeno dous contos de Suárez Llanos: *O cego das coplas* e, sobre todo, *A volta*, obra mestra de ironía, verdade oral e humanidade. Este conto podería figurar entre as mellores mostras de moderna narración condutista.

A narrativa galega chegou, nos últimos anos, a conseguir dous altos cimos de madurez técnica: *A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor, e *Memorias de Tains*, de Gonzalo R. Mourullo. Os contos de Mourullo teñen a súa raíz nun expresionista e insomne mundo interior. A novela de Blanco Amor é, aínda enunciada en primeira persoa, dun caricatural, de fervente e quevedesco obxectivismo. No libro que comentamos, Suárez Llano participa de ambos os mundos, flutúa entre ritmo temporal interno e mundo exterior, entre introspección individual e obxectivación da conduta. Todo isto presidido por un recortado maduro equilibrio, por unha absoluta poda de excesos. De *Lonxe de nós e dentro* diremos con Anatole Frances, que ten complexidade, pero non o parece.

¿Que é a *lingua vernácula*?

Carta a un católico galego

Meu benquerido don Eduardo:

Quizás lle estrañe a miña carta, porque vostede xa sabe o vago que son para escribir. Pero esta vez considere inescusable dirixirme a vostede. E prefiro facelo publicamente, porque sei que o asunto da miña carta toca un punto candente, que preocupa fondamente a todos os galegos, relixiosos, indiferentes ou incluso agnósticos e ateos. Trátase, estou seguro que vostede xa o adivinara, do uso da lingua vernácula na liturxia da Igrexa Católica Romana. Escríbolle precisamente a vostede porque sei o estrañas que lle resultaron as respostas de gran cantidade de curas rurais galegos, aos que nunha gran enquisa de ‘Faro de Vigo’, os interrogaron sobre o uso da lingua vernácula na liturxia. Uns manifestáronse a favor desa innovación –a maioría– e outros, en contra, máis ou menos veladamente. Pero o que lle preocupou a vostede, o que me preocupu tamén a min, non foi isto. Foi o feito de que unha maioría destes cregos rurais entendesen por Lingua Vernácula o castelán. Identificaban lingua vulgar con español.

[A lingua de cada pobo]

Vostede e mais eu sabemos moi ben o que a Igrexa católica entende por lingua vernácula. É o que entendeu sempre. Hai moi pouco tempo en ‘La Vanguardia Española’, un intelixente crego, o P. Udina, encargouse de puntualizalo. Dicía máis ou menos isto: lingua vernácula –desde o punto de vista eclesiástico– non é o mesmo ca lingua nacional, rexional, nin oficial. Lingua vernácula é “a lingua que habitualmente fala o pobo”. O interese da Igrexa católica está orientado xustamente á participación do pobo na liturxia. Para que esa participación sexa total, completa, eficaz, útil, decisiva, é preciso que determinadas partes faladas da liturxia sexan ditas no idioma que o pobo entende mellor. Non é o idioma oficial do Estado no que se realiza o rito. Non no idioma maioritario da rexión ou comarca onde se realiza o rito, senón o idioma habitual dos asistentes ao rito ou da súa maioría absoluta.

De maneira que, en Cataluña, non se realizará a liturxia en catalán na parroquia dun barrio de maioría murciana ou andaluza, como son moitos en Barcelona. Pola mesma razón, nunha zona turística na que os fieis asistentes aos actos relixiosos son na súa maioría de fala poñamos alemá, as partes sinaladas da liturxia para ser ditas en vernáculo serán en alemán. Isto independentemente do que eses murcianos ou eses alemáns sexan capaces de comprender o catalán ou o castelán. O pobo é o que, neste caso, manda. O pobo que asiste a unha función relixiosa merece que a súa lingua habitual sexa empregada na liturxia e na predicación tamén. E os eclesiásticos encargados de oficiar e de predicar teñen a obriga de utilizar a lingua vernácula dos asistentes. Este é, polo menos, o criterio actual da Igrexa católica.

A Igrexa distinguiu sempre entre dúas linguas, digamos oficiais ou universais, propias da Igrexa: o latín, para o Rito Romano, e o grego, para o Rito Oriental de obediencia romana. As demais linguas que non sexan o latín eclesiástico e o grego eclesiástico son consideradas como vernáculos e, até agora, desvinculadas da liturxia. Por iso resulta disparatado opinar que en España a lingua vernácula é o español. Con respecto á lingua latina eclesiástica, son linguas vernáculos o galego-portugués, o vasco e o catalán, ademais do español maioritario. Deben ser, pois, utilizadas todas elas na liturxia e na predicación, sempre que no momento de oficiar ou predicar sexan maioría os asistentes dun ou doutro idioma.

Meu querido Eduardo, xa sei que a vostede, católico e galego,

lle doe na alma que estas directrices da Igrexa non se cumpran en Galicia aínda. Porque vostede sabe que en Cataluña se están a cumprir debidamente. Porque vostede sabe que en Suíza, na zona correspondente, o rético, idioma falado por 50.000 persoas, se utiliza desde sempre na predicación protestante e católica. Porque vostede sabe que ao caiata, idioma indio sen cultivo literario de Ecuador, foron traducidos xa os textos litúrxicos esixidos, e vostede sabe que ao galego aínda non se lle deu entrada na liturxia nin na predicación. A pesar de ser a fala habitual de dous millóns de seres humanos. A pesar de ser unha lingua de cultura. A pesar de ser a lingua preferida polos nosos intelectuais, cultivada por case todos eles e repectada por todos absolutamente, desde hai cen anos. A pesar de ser a lingua de todos os traballadores galegos.

[Saúde e unidade do galego]

A vostede, don Eduardo, amólalle que algúns intelectuais galegos lle pidan á Igrexa católica que se converta en definitoria e fixadora da lingua galega que, segundo algúns, está moi deteriorada, desvencellada, dándolle categoría ao ser usada nos Oficios Sagrados. Vostede, que igual ca min é filólogo de profesión, sabe moi ben que o galego non está deteriorado como cre quen quixera eliminalo do mapa lingüístico de Europa canto antes. Tamén sabe que o galego non cambia tanto dunha comarca a outra como queren os que non malgastaron unha soa hora da súa vida en estudar Dialectoloxía, ciencia que vostede e mais eu cursamos na Universidade con grande afección. E sobre todo vostede non quere (eu tampouco por outras razóns) que a Igrexa se converta nunha Cátedra de Lingua Galega.

O único que vostede desexa é que a súa Fe católica viva un pouco máis nos corazóns dos seus coterráneos. E o verdadeiro camiño, o camiño sinalado no Concilio, e por Xoán XXIII, é este: Que en cada igrexa galega se introduza na liturxia a lingua que fala a maioría absoluta dos fieis. Sexa este o galego, sexa este o galego ou castelán. De xeito que nas parroquias nas que o galego sexa a lingua habitual, se utilice o galego. Pero o galego adaptado ás peculiaridades dialectais daquela zona xustamente, para que a práctica sexa totalmente frutuosa. Vostede e mais eu, que nos tomamos a molestia de estudar cinco cursos de Filoloxía Románica, sabemos moi ben que lixeiras, que nimias, que superficiais son as variantes locais do idioma galego se o comparamos con outros idiomas europeos como son o italiano, o alemán, etc.


De todas as maneiras, o pobo sempre entendería mellor un texto dito en galego ecléctico (como o é o español xeral respecto do andaluz, do asturiano, etc.) ca en castelán. E respecto das zonas de Galicia onde predomine o castelán, como son as cidades, estou seguro de que vostede proporía que nas distintas parroquias se celebrasen misas e funcións relixiosas en castelán, e algunha –previamente anunciada– en galego, co obxecto de que as persoas que prefiran oír na igrexa un ou outro idioma (en toda cidade galega existen persoas cunha ou outra preferencia) podan facelo comodamente. En espera de que vostede me comunique as súas impresións, e en espera de que a situación actual se modifique, seu atentísimo.



12 F E B R E I R O D O 2 0 0 9 - N Ú M E R O 7 5 6

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS





Amor **SMS**

“A factura de Movistar é o compás do amor”. Deste xeito inicia **Lupe Gómez** a súa travesía polas canles abertas do amor nun monográfico no que está acompañada polas fotografías de **Manolo Martínez**. Os dous creadores, colaboradores habituais de *Revista das Letras*, realizan con inquietante lucidez unha viaxe polas turbulencias dos sentimentos, como se radiografasen un espazo onde interfere a experiencia social e latitude individual. Textos e imaxes unidos por unha outra forma de dicir e unha outra forma de mirar.

A factura dos sentimentos. A factura de Movistar é un compás do amor. Se pago cen euros síntome contenta porque foi un bo mes. Comuníqueime moito e entreguei moito amor. Se a factura é de sesenta euros penso que estiven muda, pouco namorada. “A terminoloxía SMS é un fenómeno social, lingüístico ao que non se lle pode perder a vista como linguaxe alternativa”. O que me enfeitiza das mensaxes é que temos que resumir e sintetizar moito o amor. Dicir moitas cousas con poucas palabras. O “short message service” paréceme un invento revolucionario. As mensaxes de móbil son rápidas, impulsivas e románticas como os latexos do corazón. Ás veces non teño tempo para enviar poemas de amor porque estou ocupada vendo a televisión e facendo *zapping*. Conéctome a Miguel Bosé, ou aos documentais de animais da Segunda Cadea. Marguerite Yourcenar pensaba que “o amor é unha forma de dominación”. Para min o amor é a cousa máis bonita que existe. A factura de Movistar brilla como un río limpo. Prefiro entrar nunha igrexa alegre e iluminada polos raios do sol que entrar nunha igrexa triste, fría, escura e morta. Pagar cento cincuenta euros por dicir cousas fermosas paréceme unha boa forma de medir os sentimentos. A música é unha árbore que dá moitos froitos. Cando ti me abrazas eu son unha princesa sachando na terra e arrincando o esterco. O amor é un videoclip. Movistar funciona como unha empresa de gangsters que atracan a xente.

Pago douscentos euros a final de mes porque enviei moitas mensaxes ao adolescente fluorescente, ás mulleres finas da Coruña e ao meu farmacéutico. Estar chea de amor e palabras sae carísimo. As mensaxes de móbil actúan como intervencións artísticas, pulos irreprimibles. Se a factura vén grande sentes que a túa vida amorosa é interesante. Se a factura vén pequena tamén é unha boa noticia porque aforras amor e cartos.

Vai vir unha borrasca, e despois un anticiclón.



O adolescente fluorescente. El non pon mala cara cando lle preguntas pola rúa máis tranquila da cidade. Pasea pola neve coa súa amiga do instituto. Non está feito de ferro, senón de cristal fino. Cando a súa amiga ten un cortocircuíto el ponlle unha lámpada nova. Arranxa a ventá rota pola que entra, como se fose un ladrón, o vento. El sabe aprezoar as margaridas de cor lila que viñeron nun avión dende Holanda. O home da florería do barrio ten un sorriso de chocolate e fai pequenas rebaixas nas flores. O adolescente é como Superman. Gústalle salvar a súa amiga, porque o mundo se constrúe de forma esférica. Coñece o decoro e as boas maneiras. “Grazas” é a súa palabra preferida. Os adolescentes berran polas tardes. Fumar é pecado? Sabemos todo sobre informática pero non sabemos con certeza que senten os grandes poetas cando escriben grandes poemas. O adolescente ten moita fame. Come enormes bocadillos de chourizo. Na florería hai tantas flores que é difícil saber cales son as máis bonitas. El escribe un relato para un concurso literario e pregúntalle á súa amiga do instituto se están ben situados os puntos e as comas, se o relato é de fume ou cereixas. Existen o medo ás bágoas, o medo a sufrir e o medo á néboa. Os “ollomoles” chámanse así porque teñen os ollos moles. O adolescente é máxico como a música de piano de Satie. A liberdade é un coche que avanza seguro e lento. As flores arrecenden ben e custan dous euros.

A felicidade resulta barata porque é un barco que navega lonxe.

O adolescente inventa o vocabulario.

O labrador mentireiro. Unha mentira piadosa vale moitos cartos. O labrador madruga para muxir as vacas e ver a luz limpa da aldea. El di mentiras de vez en cando. Que aburrido resulta dicir sempre a verdade! Que plano sería o mundo! Que caro é falar polo móbil! O labrador compra un pantalón *fashion* na feira, para estar guapo o día da festa. “La aldea se convirtió en un desierto. La soledad hace doler el hígado. El AVE es importantísimo porque, además, da una imagen de modernidad”. A Rúa do Papagaio da Coruña era un mundo de nostalxia. Agora é un centro comercial e chámase Boulevard El Papagayo. As mentiras do labrador teñen cores, olores e sabores. El séntese máis humano cando conta algunha mentiriña. A vida debería ser radical. *Animales artificiales* é a última obra de Matarile. O cura di no altar que hai que contar algunhas mentiras pequenas para animar o cotián. “Díxome o médico que teño un tumor na cabeza”. A poesía de Antón Reixa é antipoética. A ti gústache ler poesía? A min a poesía faime doer a cabeza. “Quiero un columpio para llegar a las nubes, y que el mundo sea celestial como una tarde de domingo. Mamá, he decidido que soy lesbiana, que me gustan las mujeres”. O labrador ten unha moto vella, coa que vai a Arzúa xogar ao tute cos seus amigos. Mentres xoga, conta mentiras que son como oracións reconfortantes. El aburriríase se non puidese darlle a volta á chaqueta das verdades. Sabes facer un caínzo? Cando falas tes que berrar tanto como se estiveras no monte. Os intelectuais teñen a voz delicada porque están decaídos e son preguiceiros. “El BNG exige el uso del gallego en la sanidad pública”. O labrador come un cacho de touciño con pan e cóntalle unha mentira revoltosa á súa muller. “Que argalleiro es”, dille ela e namóranse cando teñen 70 anos. Para ligar hai que contar mentiras ben feitas. El é un home enxeñoso que case non sabe ler nin escribir. No verán as persoas namoradas vístense de branco. Gamoneda é un poeta estraño.

O labrador pesca mentiras no río e fai cestos coas súas mans fortes.

As bailarinas convocan unha rolda de prensa.



A lavadora. A lavadora é unha amiga excelente. Os venres meto dentro dela a miña roupa sucia e devólvema lavada. É como o milagre de multiplicar o pan e os peixes. Fernán Vello díxolle a un xornalista: “a poesía é unha flor rara, unha verdade rara”. O amor é moi bonito, pero as vodas son horribles. Tes que comer o marisco aínda que non che colla na boca. Tes que bailar aínda que teñas unha escordadura. Non vou á escola porque non me dá a gana. É mellor ser surrealista que ser drogadita. A artista galega Mónica Alonso xoga coa calor e o frío das cores. É mellor poñer no programa de auga fría a lavadora para que a roupa non destinxa. Un día fun a unha entrega de premios literarios coa miña amiga lavadora. A roupa sae tan lavadiña que dá gusto. Dan ganas de cantar: “Non canta na Chá ninguén, por iso meu carro canta, canta o seu eixe tan ben, que a señardade me espanta...”. Os anos noventa seguen sendo a referencia do cambio xeracional na poesía galega contemporánea. Manuel Antonio falaba dos océanos do corazón e miraba para dentro e para fóra. Era vangardista e estaba enraizado na Terra. “As relixións, como os vagalumes, precisan escuridade para brillar”. A lavadora sabe moito de filosofía... Coñece o pensamento de Shopenhauer e a sabedoría de María Zambrano. Podemos recuperar a poesía de Lorca? Está vivo ou está morto? Quixera facer unha tortilla francesa cos medos, coas dúbidas, coas inseguridades. Pasar pola batedora as bágoas e o desamor. Amencer bailando tangos coa amiga lavadora. Podes lavar todo o que queiras: os pantalóns, as saias, as camisetas, as chaquetas, o chandal, os trapos da cociña, as toallas, a roupa da cama, as zapatillas, as alfombras... É un mundo de posibilidades. As mans de Carmen Martín Gaité necesitaban moita crema hidratante porque ela escribía palabras elegantes. Podes botar un pouco de deterxente na sopa de verduras: mesturas todo e o resultado é moi satisfactorio. A lavadora sabe moito de trigonometría. Fai tanto ruído que parece un avión que entra na túa casa. Non teñas medo do home do saco porque é inofensivo. Non te fíes das persoas descoñecidas.

A ciencia avanzou moito.

O velliño nacionalista. O velliño nacionalista ten o pelo branco como a neve dos Ancares. Está perdidamente namorado de Galicia. Toda a súa vida falou galego e tamén o vai falar na súa morte. Gústalle moito ler a prensa, estar informado da política e das traxedias. Un peixe verde, coa barriga chea de emoción e sensibilidade, vai río arriba. O velliño guapo le os xornais deportivos porque el di que “as noticias de deporte tamén son bonitas”. Camiña ata o monte Pedroso e está en plena forma. Abúrrese e escribe con tinta imaxinaria en cadernos invisibles. O amor pode ser tóxico. “Por que nos enganchamos tanto a relacións dolorosas?”. Ao velliño nacionalista encántalle facer churrasco. El di que Rosalía era “unha muller sen estudos”. As palabras son guitarras. Amelie, na película, era unha moza cunha saia vermella. Moi inxenua, moi adolescente e moi intelixente. No día da Patria, o velliño leva unha bandeira tan grande como a Catedral de Compostela. Que ninguén lle roube esa bandeira. As palabras son montañas. O idioma non pode ser levado polo vento, porque o velliño ten uns zapatos vellos e elegantes. Fuma, pero non debería fumar. Toma café, pero debería tomar macela. Le os titulares e le a letra pequena. Le ás 11 da mañá e le ás 5 da tarde. Le e nunca remata de ler. A música é unha procura. Sempre quedas con ganas de escoitar outra canción. O velliño ten o pantalón rachado. Gústalle vestir de branco. Queres xubilarte ou queres continuar na empresa? As mulleres famosas son produtos. Son auténticas obras de arte. *O atraso económico de Galicia* era un libro de amor ou desamor? Ao velliño nacionalista dóenlle os ollos de tanto ler. Leva lentes para entender o mundo. As metáforas van, moi cómodas, en tren.



A intimidade das escaleiras. A profesión das escaleiras é o silencio observador, a curiosidade íntima, a sorpresa do amor. Polas escaleiras sobe e baixa moita xente. A historia escríbese todos os días. As escaleiras escoitan atentamente e nunca interrompen os pensamentos dos inquilinos da casa. Polas escaleiras sobe e baixa o asasino. Sobe e baixa o traballador da TVG. Sobe e baixa a muller vestida de loito e as súas roupas tan negras pésanlle moitísimo. Virginia Wolf era unha muller atrevida nos seus escritos, e decidiu suicidarse. Sobe e baixa Pinocho falando coa Cenicienta. Estar solteiros é mellor que estar casados. Sempre hai unha muller que limpa as escaleiras e que ten fe no pasado e no futuro. As escaleiras son discretas. Soben e baixan os amantes coas súas cancións e os seus corpos cariñosos e brillantes. Sobe e baixa a Santa Compañía. Soben e baixan os políticos do PSOE e os do BNG. Dicía Pessoa que “o que vemos non é o que vemos, é o que somos”. Soben e baixan as bolsas do supermercado cheas de alegría e comida. Soben e baixan os teléfonos móbiles e os ordenadores portátiles. As escaleiras respectan o silencio, os soños e as dificultades da xente. Hai máis ambiente nas escaleiras que no mercado de abastos. *Smoke* é unha película intelixente e divertida. Sobe e baixa o poeta Valente, co seu corazón cheo de misterios “y su poesía profunda y resquebrajada”. As escaleiras calan e rezan. Soben e baixan os estudantes con poucos desexos de estudar e moitas ganas de sexo e borracheira. Sobe e baixa o funcionario da Xunta, coa súa tristeza melancólica e elegante. O poema é plurilingüístico. “Cando canto fados non penso na Virxe María, senón en María Magdalena, nas cicatrices da vida”. Tomar café de Colombia polas mañás en silencio é un revulsivo para sentir benestar físico e emocional. As escaleiras nunca berran, nunca se queixan, nunca protestan. Concha Velasco sofre de incontinencia urinaria. Soben e baixan flores, queixos e patacas. Sobe e baixa a muller paralítica, riseira, neneira e sabia. Soben e baixan os carteiros asubiando e cantando. “La intimidad corporal que supone estar con otra persona, acompañado, ayuda a superar la soledad, el auténtico mal para la tercera edad”. Unha coñecida activista social e política díxolles a todos os poetas do mundo: “Nada daremos dito, aínda que conxuguemos tódalas verbas do mundo de tódolos xeitos posibles. Por iso podemos escribir sen medo.”

Os mudos entenden mellor o funcionamento das palabras.

Finas-brutas. Un equipo de mulleres de Compostela compite contra un equipo de mulleres de La Coruña para ver cales teñen máis beleza. A competición é retransmitida pola televisión en horario de máxima audiencia. As coruñesas teñen máis clase, estilo e elegancia. As compostelás están guapas pero trapalleiras. As coruñesas teñen moi ben a pel e desprenden un aire especial aínda que non teñan carreira universitaria. As compostelás están todas esguedelladas e son moito máis torpes. O idioma é unha nube que pode romper...Hai que amar esa nube como se fose a raíz dunha árbore profunda. “Quando paseo por las calles de mi ciudad llevo unas gafas tan grandes que nadie me ve y nadie me molesta. Pinto de Azul las uñas de los pies y de Vermello las de las manos. Me maquillo como una bruja para parecer más espiritual.” As rúas de Compostela son como balnearios. Cúranse todos os males. Ás veces sinto unha angustia enorme e penso que ninguén me quere. Choro. Las mujeres de La Coruña son altivas, cosmopolitas y presumidas. As compostelás son galeguistas e no inverno levan bufandas de lá e cores. Agora as mulleres serven para todo, ata serven para formar parte da comisión de festas. Os homes fan a cirurxía estética. As da Coruña son altas e estiradas. As de Compostela son baixiñas e redondas como nenúfares. “Es como los amantes malditos que se odian, pero tienen que estar juntos.” Unha coruñesa mételle un gol a unha compostelá. “Hai que hacer deporte para fortalecer las arterias y los músculos. No me cuentes historias de miedo. Háblame de tus silencios.” Unha compostelá non sabe aproveitar a oportunidade dos penaltis. Vostede a que xénero literario se dedica? Escribe poesía, narrativa ou teatro? Non distingo entre xéneros. Dedícome a escribir trapalladas. O mar suaviza os rasgos das coruñesas. As compostelás teñen unha cute fatal, estropeada, como se vivisen no monte. Quero un café con leite. Os camareiros coruñeses fan a tradución automática: “¿un café con leche?”. As palabras non son de ninguén, non son miñas nin túas nin de Rosalía de Castro. As coruñesas son fráxiles e sublimes. As compostelás son brutas e aldeás. No último momento do partido unha xogadora compostelá é atravesada por unha frecha de amor.

Os pementos de Padrón, uns pican e outros non.



Abrir e cerrar portas. Unha porta é unha fronteira pola que podes deixar entrar a persoa que máis amas. Ás veces péchase a porta do amor. Unha casa sen portas non podería existir, tería medo da vida. Pola porta entran e saen os profetas e as videntes. Entran e saen os xornalistas de *El País* e os xornalistas de *El Mundo*. Entra e sae o Pato Donald. Terlle rabia a unha persoa non é ter malos pensamentos. As portas fan moito ruído e mancan. “No puedo dormir si hay tantas puertas rotas a mi alrededor.” Pasear pola Alameda é como alcanzar o Nirvana. A estatua de Valle Inclán é a máis bonita do mundo. El está só e tranquilo, sentado nun banco, observando a cidade como se fosen escenas de *Lucas de Bohemia*. Entran e saen os actores e os pallasos. As portas teñen chaves porque hai que gardar as familias, os nenos, as persoas vellas. Cando chaman ao timbre os amigos, todo se pinta de cor rosa. Chegas por sorpresa ou avisas cando chegas. “Los sueños son campos de vacas elegantes. Son cárceles que nos encierran y nos hacen morir.” O mundo é unha festa de disfraces e tamén é unha guerra de mortos. Limpei cunha baeta ecolóxica a porta de cristal e o mundo púxose a brillar. Non fai falta petar tanto nas portas para abrilas e cerralas. Necesitan cariño e atención. “Los japoneses son muy educados, muy calladitos, muy respetuosos y no les gusta destacar”. As portas da aldea eran verdes e os bancos da lareira eran azuis. Gustábame pintar a casa no verán. Os pintores teñen unhas mans moi bonitas. As portas do corazón deben estar sempre abertas. O presidente Touriño ten criados para que lle abran e lle pechen as portas cando el pasa. As portas protestan porque queren ser tratadas con respecto. Cada vez os cidadáns séntense máis lonxe dos políticos. As portas ábrense con alegría se entra unha persoa boa e divertida. As portas dos nichos quedan pechadas para sempre. Como superar a morte dos ses queridos? Penso moito no porvir, nas penas. En Palma da Mallorca vai moito calor todo o ano. As persoas de países con chuvia pechan as súas portas e viven doutra forma a intimidade. “Quen ten un amigo ten moitas cousas: amante, cómplice, ternura, respecto, sexo, amor...” Entran e saen os carballos, os salgueiros e os piñeiros. Entra e sae Marilyn Monroe, tan guapa como nas películas. Entra e sae James Joyce e vai escribindo palabras para o pasado e o futuro. Entran e saen cans tan intelixentes como as persoas. Entra e sae Marica Campo, con cancións para nenos e nenas. “Quero unha foto túa para saber como es cando non te vexo”. As portas sofren maltrato e non se queixan. Elas continúan no seu sitio e seguen padecendo golpes. Son estoicas.

Aprender a facer queixos é unha experiencia inolvidable.

O caixeiro automático. O caixeiro automático é unha parede que sempre ten cartos. Vaías onde vaías atoparás esa parede. O caixeiro é todopoderoso e omnipresente. Ten unha linguaxe educada e sublime. Sempre fala contigo e diche cousas místicas: “cobrámoslle unha comisión pola operación efectuada, por favor, grazas, retire a súa tarxeta, retire o recibo e os cartos...” Sentese alegría e agradecemento cando ingresan cartos na túa conta. “Gracias a la vida, que me ha dado tanto. Me ha dado la risa. Me ha dado el llanto.” Cada vez que atopas un caixeiro automático éntache unha inspiración divina. “Como si fuera la piel de una amante mucho tiempo esquiva, dispuesta ahora a entregarse. En el cine me olvido de la contaminación y de la rabia. Es como atravesar una región nueva, en la que no me duele ninguna parte del cuerpo. No vengas a mi fiesta de cumpleaños, pues estaré fea y vieja y no tendré ganas de reirme contigo.”

Odio todos os bancos porque xogan coa saúde da xente. O caixeiro está estropeado moitísimas veces. Hai trampas e timos. Ás veces o caixeiro come a túa tarxeta e non cha devolve. “Y te quedas desnuda en la calle, sin saber a donde acudir.” Nesta sociedade ninguén regala nada. “No mundo do neoliberalismo capitalista, todo é mercadoría. Obxecto. Cousa. Aparencia.” Hopper é o artista que mellor pintou a melancolía. Nos cuartos de hoteis hai caixeiros automáticos. Calquera momento é bo para recibir un abrazo. Ríome do caixeiro automático. Fágolle un corte de mangas. Dígolle, coa voz entrecortada: “estoy enamorada de ti pero te aborrezco como si tuvieras el poder de la Inquisición”. Unha nena de dous anos dille á súa nai: “mamá, teño ganas de facer caca.” Un escritor redacta unha novela confusa nun portátil cheo de fotos e adhesivos. Ten a cara seria. Parece que lle pegaron hostias durante toda a noite. En septiembre los colegios se llenan de niños que cantan, gritan y molestan. “La persona que más quiero en el mundo se está muriendo y no lo puedo evitar.” San Juan de la Cruz tiña unhas ás grandísimas coas que era capaz de voar a moitísima altura. Os accidentes de avión son espectáculos morbosos. Gustárame asasinar o caixeiro automático. Destruír esa sede de diñeiro que me converte nun morcego. “Antía Moure encontra na destrución e nas ruínas unha metáfora para describir os procesos polos que os seres humanos elaboran os seus recordos”. Se trona rézolle a Santa Bárbara.

Cando estou deprimida como chocolate para animarme.

O farmacéutico sabio. O farmacéutico sabe se che doe unha perna, se tes infección de ouriños ou se tomas pastillas para durmir. El ten unha documentación privilexiada sobre todas as historias humanas do barrio. Como a Virxe de Fátima ofrece solucións para todos os problemas. É un home serio, austero. Nunca ri, para que os problemas da xente non se lle contaxien. Fala con poucas palabras, tan só as necesarias. Toma sempre un café con leite na cafetería que hai ao lado da farmacia e le *El Correo Gallego* ás catro da tarde. Sabe se estás casada, se che doe o estómago, se tes estrés. “El verdadero dolor, como la locura, es un territorio sin palabras, el reino desolador de lo inefable.” Antes a xente confesáballes os pecados ao cura, agora van visitar ao farmacéutico. Os seres humanos están moi estropeados. Necesitan reparacións constantes. Teñen reuma, miopía, vista cansada, alerxias, insomnio...Teñen falta de cariño...Teñen falta de traballos ben remunerados economicamente....Teñen vultos nas pernas, pelos no nariz...A xente ronca. A xente ten demencia. A xente ten medo da morte. O farmacéutico atende todas as rogativas e os desexos. Non hai ninguén en toda a cidade que estea san. Sofren de hipertensión, de diabeite, dos nervios, do corazón... “Ahora los arquitectos ya no construimos casas. Construimos el aire. La atmósfera. La emoción.” Polas noites o farmacéutico acende o seu portátil e escribe novelas desoladoras como as de Paul Auster. El coñece perfectamente o comportamento humano. Sabe se sofres por amor, se es metódica ou desordenada, se escribes poemas, se estás un pouco mareada cando te ergues polas mañás, se tes a pel normal ou seca, se empregas un cepillo dos dentes azul, verde ou vermello, se che gustan as compresas con ás ou sen ás. O farmacéutico camiña moi teso pola rúa porque é tan sabio como Miguel de Unamuno. Ten máis información que unha axencia de noticias. Quero casarme cun electricista que me instale todos os enchufes da casa. “Tus ojos son tan bonitos como una bicicleta llena de manzanas verdes. Me enamoré de ti hace muchísimos años, cuando entré en tu dormitorio. Me dijiste cosas dulces y yo fui muy buena contigo.”

O farmacéutico é un antropólogo.

Maruxa Mallo andaba, moi feliz, en bicicleta.

Taponarse . Taponar os oídos é unha forma de non soportar ruídos molestos. Aíslaste, abstráeste, pasas a estar noutro mundo. Non me gusta escoitar o ruído da cisterna do váter, nin o do quentador. “A vida do ser humano, pola propia condición do ser humano, é precaria.” Necesito un tapón para os ollos, para non ter que ver as persoas que me caen mal e que me revolven o estómago. Estou contenta porque durmín doce horas e vou ir á festa á casa da miña irmá a Boimorto. “Quiero esconderme en tu cuerpo alegre y pudoroso, un viernes por la noche.” Lorenzo Varela tiña a cara redonda e doce, pero co paso do tempo e coas desilusións fóiselle avinagrando. Cando hai amor non fan falta farmacias porque non existen doenzas nin tristezas. Síntome mal nos pubs e nas discotecas porque me molesta o ruído e non bebo alcol. Isaac Díaz Pardo é moi intelixente porque os seus ollos viron moitas cousas. A primeira vez que pos os tapóns dos oídos sénteste rarísima. É como a primeira vez que pos un tampón. Despois a vida flúe tranquilamente e podes traballar aínda que veña un furacán á túa casa. Se miras obras de teatro rancias e anquilosadas, ou recitais decimonónicos, colocas os tapóns e non te enteras de nada. Entrás noutra galaxia. Ánxel Fole contaba unhas historias tan grandes e tan bonitas que non che cabían na cabeza. Rompíache todos os esquemas. Ás veces, cando me dá a gana, poño un tapón na boca, porque non me gusta pasar o día dicindo parvadas. Prefiro estar taponada que ter que escoitar os discursos de Zapatero. Cando vou á misa poño uns tapóns grandísimos. “Mis compañeras de piso me preguntan: qué te pasa? dormiste mal por la noche? te sientes enferma? estás cansada?”. Non saco o tapón da boca. Calquera pobo do mundo ten dereito a existir. Ducados é a marca de tabaco que máis me gusta. Facer música é como poñerlle vestidos ás cancións. Cando tes a canción feita engordas coa felicidade. As emocións van deitadas e durmindo no último vagón do tren. Totalmente taponada camiñas pola rúa, “y las cosas no te tocan y no te hacen daño.” Existiu o Big Bang?

Non creo nas meigas, pero habelas hainas.



OS CELEBRES



As celebres da semana

(As hespanholas Elisa e Marcela)

Meninas: Isso é coisa que se faça
Brincar com tão-sagrado sacramento?
Recolham já, ordena o *Suplemento*,
Ao *chelinário*, por via da chalaça.

O caso, já se vê, tem sua graça
E no fundo tem chiste o pensamento;
Mas encarem a sério o casamento;
Que um padre, hespanholitas, não se em-
baça.

Marcela e Elisa

Um amor que conmoveu o mundo

BELMIRO

No primeiro ano do século XX, medio mundo quedou impresionado por unha historia de amor que rompeu os tópicos e traspasou as leis eclesiásticas e sociais da época: dúas mulleres coruñesas, Elisa e Marcela, consumaron o máis insólito que se oíra na época: un matrimonio sen homes. A historia destas dúas mulleres, que burlaron as estreiteces relixiosas travestíndose Elisa de home, conxuga a paixón amorosa cunha teimosa insistencia en conseguir o que máis arelaban: casar e formar unha familia. Perseguidas pola Xustiza en España, refuxiadas en Portugal –onde pasaron polo cárcere e Marcela tivo unha filla– e finalmente emigrantes en Arxentina –onde se perderon as súas pegadas tras o rocambolesco matrimonio de Elisa cun

Elisa e Marcela

A.R. López/Montse Dopico

danés–, a parella motivou unha tumultuosa polémica nos medios de comunicación onde participou, incluso, Pardo Bazán para defender as acusadas. Un século despois, o pedagogo **Narciso de Gabriel** rescatou do esquecemento a súa historia e conformou con ela un libro chamado a ser referente nas investigacións sobre as identidades e o xénero: *Alén dos homes*. Editado por Nigratrea. O volume non só se enfronta á crónica de Elisa e de Marcela senón que, ademais, expón un abondoso material sobre as cuestións que rodean a súa peripecia, desde o lesbianismo ao hermafroditismo, pasando polas implicacións legais. O próximo día 26, *Alén dos homes* será presentado na galería Sargadelos de Compostela, nun acto que trata ao tempo de reivindicar un amor plenamente revolucionario.



Nesta páxina, Marcela e Elisa na foto que fixeron o día da súa voda na Igrexa coruñesa de San Xurxo. Na portada, as dúas mulleres vistas polo suplemento ilustrado de 'O Século'. Na contraportada, algunhas das informacións saídas sobre o acontecemento da súa voda

e

Elisa tiña 23 anos e Marcela 18 cando se coñeceron. Foi na Coruña, na Escola Normal –unha especie de escola de maxisterio–, onde Elisa desempeñaba un posto na administración e Marcela se preparaba para mestra. “¡Se vides que amiga máis simpática e máis boa teño!”, díxolle Marcela á súa nai e á nai sorprendeulle o entusiasmo. Pero máis lle sorprende a paixón que as dúas mulleres amosaron co paso dos días: Non querían –ou non podían, tal era a natureza do seu incipiente amor– separarse. E como non podían separarse, os pais de Marcela decidiron poñer terra por medio: mandárona catro meses a Madrid. O día anterior á partida –escribe Narciso de Gabriel na súa biografía sobre a parella– Marcela sufriu un “violento acceso nervioso” e escribiulle a Elisa, que se presentou decontado na casa da súa amiga e intentou, inutilmente, vela: os pais impedíronllo. Así comeza unha das historias de amor máis intensas que nunca se oíran e que ningún escritor lograra aínda imaxinar como material dunha novela.

Esa primeira e traumática separación non durou moito. Transcorridos os catro meses, Marcela volveu a Coruña e, dalgún xeito, decidiu tomar as redes do seu destino: fíxose mestra dunha escola en Traba, Concello de Coristanco, moi preto de onde Elisa collera, no entanto, unha praza interina. As dúas comezan a ter unha vida en común. Tras algúns problemas coas institucións docentes por cuestións administrativas e algúns cambios de escola, Marcela toma posesión, no 1899, dunha escola en Dumbría, mentres Elisa vai rodando por distintas interinidades. se os seus respectivos traballos as separaban, facían todo o posible por vérense. Elisa percorría todas noites, por exemplo, os once quilómetros que separaban a súa escola en Calo –Coristanco– da de Dumbría e para defenderse “se



Arriba, o coche no que Elisa e Marcela viaxaron a Dumbría despois da súa voda. No centro, foto de Elisa no interior do Aljube, negándose a ser retratada por ‘El Suceso ilustrado’. Abaixo, unha das casas na que as dúas mulleres viviron durante a súa estadía no Porto

‘As vodas da semellanza’

O matrimonio entre persoas do mesmo sexo é hoxe legal só en España e nuns contados países, pero na antigüidade foi unha institución cun certo recoñecemento, desde as culturas amerindias á grega ou á polinesia. O máis profundo investigador deste fenómeno, John Eastburn Boswell, demostra na súa monumental obra ‘As vodas da semellanza’, que a igrexa cristiá primitiva era moi tolerante coas relacións tanto eróticas coma emocionais entre homes e que ademais as oficializaba e as santificaba mediante unha cerimonia de irmandade do mundo.

A defensa de Pardo Bazán

Unha das máximas defensoras da parella, e concretamente de Elisa, foi a escritora galega Emilia Pardo Bazán, que nas súas accións –comparables, dicía, ás da monxa Alférez– revelaba “unha intelixencia nada común e son materia de asombro para os novelistas”. E engadía nun longo artigo, “para conseguir esta transmigración de femia a home –o único, segundo fama, que non cabe nas tradicións do Parlamento inglés–, necesítase unha habilidade extraordinaria, e que quen a realizou, calquera que sexan os seus fins, non é un ser vulgar”.

alguén a atacaba, levaba sempre un excelente revólver. Disque adoitaba usar unha navalla ou puñaliño, do cal non se afastaba nunca”, sublíñase nunha información periodística da época. Cando Elisa non traballaba como mestra, realizaba os labores da casa mentres a súa compañeira facía escola: “Non tiñan criada. Era Elisa quen ía lavar a roupa ao río, quen ía buscar auga á fonte, quen se ocupaba da cociña e do traballo da casa”, relata o xornal *O Primeiro de Janeiro* no 1901, cando a historia das dúas mulleres se convertera nun acontecemento mundial.

A súa relación non levantaba sospeitas en Dumbría, a pesar de que, algunhas veces, había liortas na casa e, mesmo, houbo un intento de suicidio con láudano por parte de Elisa ao anunciarlle Marcela que marcharía para casa da súa nai. Non cabe dúbida de que o temperamento de Elisa era endiañado: en dúas ocasións, polo menos, retou a duelo dous pretendentes da súa amiga.

A xuízo de Narciso de Gabriel, estas liortas sérvেনlle de argumentos a Elisa para xustificar, nun momento determinado –a primavera do 1901–, que deixe Dumbría e marche á Coruña coa intención –dicía– de embarcar cara á Habana. Ao mesmo tempo, Marcela fai público que contraerá matrimonio con Mario, un curmán indiano de Elisa, coa que garda –encárgase de difundir– un enorme parecido, “É da súa mesma estatura, ten a mesma voz e iguais maneiras, iata o mesmo xenio! En fin, se non se tratase dun home e dunha muller, semellaría que eran a mesma persoa”, transcríbese nunha información sobre o escándalo da parella aparecido en *La Voz de Galicia* no 1901.

Na Coruña, Elisa comeza un radical proceso de transformismo que a converterá en Mario Sánchez Loriga: corta o pelo, viste roupa masculina, cultiva un pequeno bigote e comeza a fumar. En calidade xa de futuro esposo, envíalle cartas á súa prometida, das que ela dá cumprida conta en Dumbría, léndolles aos veciños os anacos máis agarimosos. Elisa –ou Mario– non queda no físico e trebella cun crego da parroquia de San Xurxo os papeis necesarios para contraer matrimonio, algúns verdadeiramente difíciles como a acta de bautismo. Unha vez solucionados os trámites, casan nunha discreta cerimonia. Segundo a descrición de Narciso de Gabriel, Marcela levaba un vestido escuro, cubríase cun mantón e apertaba un pequeno ramo de azar contra o peito. Mario vestía traxe novo de boa factura e ía engalanado cunha cadea de ouro e aneis. A proveitaron a ocasión para facer un retrato no fotógrafo José Sellier, un francés asentado na Coruña. “O seu proxecto, sumamente arriscado, case quimérico, fixérase realidade”, escribe De Gabriel.

A tranquilidade durou apenas uns días. De regreso a Dumbría, fixeron unha parada en Vimianzo e rapidamente correuse a voz de que no coche de cabalos ía dona Elisa vestida de home e ataviado cun chapeu cordobés. A xente aglomerouse ante o coche e comezou a insultalas. En Dumbría, non lles foi mellor: os veciños rodearon a casa das mestras e armaron unha chocallada das que perduran na memoria civil. Querían recoñecer a Elisa, polas boas ou polas malas –evoca De Gabriel– e comprobar cal era o seu sexo real, xa que ela, nunha estratexia para darlle coherencia ao asunto, definiuse como hermafrodita. Había tamén quen quería darlles unha tunda. Elisa foxe e Marcela, ante presión, recoñece que Mario era o seu trasunto, aínda que “deben saber vostedes que ten máis de home que de muller”, díxolle a un xornalista. A prensa atopa

na relación, e no escándalo, un filón que explotará durante meses.

Ante a situación, a parella decide cambiar de aires e viaxan por separado ao Porto, onde Mario –agora faise chamar Pepe– traballa de xastre e Marcela no Café Lisbonense, rexentado por un matrimonio co que establecerá unha certa amizade. Pero como as autoridades españolas andaban atrás delas, non tardaron en descubrirlas gracias á axuda da policía portuguesa. A súa detención e encarceramento converteuse nun auténtico acontecemento mediático na época, cunha acalorada polémica arredor da posibilidade de extraditalas, como se reclamaba desde España. Mentres a maioría da prensa portuguesa saíu na defensa dos *noivos de contrabando* –como foron definidos–, a española acirraba as xenreiras polo carácter sacrílego do casoiro e a ofensa á institución matrimonial. Porén, os españois residentes no Porto e numerosos portugueses dirixiron un escrito ao Ministerio de Xustiza español para pedirlle clemencia.

O 29 de agosto do 1901, transcorridos os oito días de prisión preventiva sen que os tribunais se pronunciasen sobre os delitos que lles imputaban e tras superar un novo intento da policía para detelas, Elisa e Marcela quedan en liberdade. A súa liberación foi celebrada por todos os medios, que se facían eco do sentir maioritario da poboación portuense. Como agradecemento, elas visitaron o día 30 pola noite a redacción do *Jornal de Notícias* e entregáronlle unha carta de agradecemento polos apoios, que posteriormente sería publicada.

Continuaron no Porto, nunha vida discreta que quebrou cando transcedeu que Marcela tivera unha filla “bonita e forte”, como indicaba o *Jornal de Notícias*. Os trafegos xudiciais tamén se reiniciaron e son xulgadas: quedan absoltas, se ben o goberno portugués acorda concederlles a extradición a España. Ante un horizonte de novo escuro, embárcanse rumbo a Bos Aires, onde vivirán, baixo os nomes de María e Carmen, o último banzo coñecido da súa aventura: María –Elisa– casa con Christian Jensen, un emigrante danés de 64 anos. Ela cumprira xa os corenta. Ao casar, Jensen vende o pequeno comercio que rexentaba e trasládanse a unha granxa en Banderol, onde a relación da parella heterosexual resulta un martirio, entre outras razóns porque María –adoito triste– non quere consumir o matrimonio. Esa tristeza cambia cando chegan Carmen –preséntaa como a súa irmá– e a nena, nunha efusión emocional que esperta as sospeitas do danés. Inicia as investigacións e “chegou á convicción profunda de que está casado con Mario Sánchez, o esposo de Carmen Gracia, a quen lle presentaron como irmá da súa muller”, segundo o xornal *La Prensa*. Foi nese momento cando comezou a sospeitar que María casara con el “con propósitos criminais e que, á bigamia e simulación de que a acusa, deben engadirse os delitos de tentativa de homicidio e de defraudación, referindo feitos e circunstancias que semellan comprobar o seu aserto”, publicou *La Nación*.

Jensen presentou unha denuncia e o xuíz do caso centrouse en determinar a condición sexual de María: os médicos comprobaron que era unha muller, non un hermafrodita. Como non había probas do resto das acusacións, o caso sobreseuse. A partir de aí, ninguén volveu saber nada de María-Mario-Elisa nin de Marcela-Carmen. As súas vidas perdéronse nas torrenteiras da Arxentina. O máis probable é que permanecesen xuntas até o último fío de aire das súas bocas. ■

Narciso de Gabriel: o pedagogo inquieto

Narciso de Gabriel (O Cádavo, 1955) é catedrático de Teoría e Historia da Educación e un dos investigadores que con maior constancia indagou na historia pedagóxica de Galicia. Autor de títulos como *Escolantes e escolas do ferrado* (2001, premio María Barbeito, Losada Diéguez e da Crítica) ou de *Ler e escribir en Galicia* (2006, Premio de Investigación Concepción Arenal), Narciso de Gabriel traballou durante máis dunha década na súa crónica *Elisa e Marcela*, probablemente a máis ambiciosa obra publicada en Galicia sobre o homoerotismo e as súas latitudes adxacentes.

¿Como un pedagogo chega a interesarse por unha cuestión como a relación entre Elisa e Marcela?

O meu encontro con elas foi casual. Estaba traballando no Arquivo Histórico Universitario de Santiago sobre os expedientes disciplinarios a que foi sometido o maxisterio galego durante a segunda metade do século XIX e os primeiros anos do XX cando apareceu un expediente instruído a Marcela Gracia Ibeas por non atender debidamente a escola de Dumbría, que se resolveu coa súa separación do ensino. O abandono total ou parcial das funcións docentes era o cargo máis usual neste tipo de procesos disciplinarios, de modo que o caso non tiña nada de singular. O sorprendente radicaba en que Marcela casara cun tal Mario na igrexa de San Xurxo da Coruña o 8 de xuño de 1901, descubríndose uns días máis tarde que Mario era en realidade Elisa Sánchez Loriga. En definitiva, Marcela e Eisa foran as protagonistas dun “matrimonio sen home”, como titulará a prensa da época.

¿Atraíache tanto como para dedicarlle tantos anos de traballo? O encontro inicial produciuse en maio de 1993, e durante ese ano e os dous seguintes percorrín, acompañado da miña muller, as hemerotecas e arquivos de Galicia, Madrid, O Porto, Lisboa e Bos Aires, buscando as fontes que me permitisen reconstruír esta historia. Nun primeiro momento a investigación tivo moito de detectivesco, pois eran moitas as interrogantes que había que despexar, e había que facelo a partir de pistas incertas: ¿cal era o móbil do matrimonio?, ¿que fora delas despois de se descubrir o engano?, ¿conseguiu xulgalas a xustiza española por matrimonio ilegal?, ¿fuxiran a Portugal?, ¿foi América o seu último destino?, ¿que quería dicir Elisa cando se declaraba hermafrodita?... Estas interrogantes bulían na miña cabeza e recibiron diversas respostas. Logo decidín darlles prioridade a outros traballos e abandonei o asunto ata o 2001, aínda que sen esquecerlo de todo. E no 2001 comecei a escribir, con diversas interrupcións, a historia, que rematei nos inicios de 2008.

Unha das cuestións que máis sorprende da historia que narras é a repercusión que tivo na época.

Foi espectacular. O primeiro que informou sobre o atípico matrimonio foi ‘El Noroeste’, e logo o resto da prensa galega, encabezada por ‘La Voz de Galicia’, e tamén a madrileña, destacando ‘El Imparcial’. Elisa e Marcela foron primeira páxina nos máis importantes xornais españois durante os meses de xuño, xullo e agosto de 1901, pois o interese do público polas “safos galegas” era enorme. Tamén se interesaron por elas as revistas gráficas, que rivalizaban por reproducir a fotografía do matrimonio realizada por Sellier, un francés radicado na Coruña, que ao parecer foi o autor da primeira película rodada en España. ‘Nuevo Mundo’ vendeu só en Madrid 19.000 exemplares en dous días, cifra non superada ata entón por ningún outro semanario. A xente devecía por ollar a fotografía e poñerlles cara ás protagonistas do singular matrimonio, e sobre todo á que fixera de home.

Tamén sorprende a defensa que se fixo desde algúns medios de comunicación da parella.

Esta defensa obsérvase sobre todo na prensa portuguesa. Ao

se descubrir en Galicia que Mario era realmente Elisa, as dúas mulleres víronse obrigadas a fuxir a Portugal, onde foron detidas, a petición da xustiza española. A prensa portuguesa informou sobre “as dúas españolas do casamento simulado” desde o día mesmo da súa detención, o 16 de agosto, e fíxoo con máis intensidade aínda que a española, por considerar que o caso ía ser moi rendible, como así será. Mario —identificado xa como Elisa— e Marcela pedíronlles discreción aos xornalistas, pero visto que non a conseguían, fixeron con eles un trato implícito: elas forneceríanlles información e eles converteríanse en avogados da súa causa, presentándoas como dúas desgraciadas dignas de compaixón. E a sociedade portuguesa, despois de rirse delas e denigralas, ofreceulles solidariedade e axuda: cartos para aliviar a súa precaria situación económica, compañía no cárcere, petición de clemencia ao Goberno español...

No libro, non expresas claramente como ti cres que foi a relación entre estas dúas mulleres. Máis ben, prefires ofrecer datos empíricos. Pero se che preguntara, desde a túa intuición, como imaxinas esa relación, ¿que dirías?

Unha das primeiras lectoras do libro chamoume por teléfono para felicitar-me e preguntoume: ¿pensas que se querían? Poucos días despois, Manuel Rivas publicou un artigo titulado “A máis extraordinaria historia de amor”, que daba resposta a esta pregunta. Eu penso que si, que se querían. Coñecéronse un día na Escola Normal da Coruña, situada daquela na praza de María Pita, onde Marcela estudaba e Elisa traballaba, posiblemente en labores de administración ou servizos, e simpatizaron. Nos días seguintes pasearon xuntas pola beiramar e nun determinado momento colléronse das mans e intercambiaron palabras e promesas amorosas ollando o mar do Orzán. Logo exerceron a profesión de mestras nos concellos de Coristanco, Vimianzo e Dumbría, sempre xuntas ou o máis próximas posible, compartindo praceres e pesares, e superando desencontros. Como querían prolongar e legalizar esta convivencia pensaron en casar, e xa que a sociedade da época non permitía tal cousa entre dúas mulleres, Elisa transformouse en Mario. Tamén querían ter fillos, e como aínda non existían bancos de semente, Marcela utilizou os servizos dun mozo de Dumbría para quedar embarazada. Así imaxino eu a historia. Só cometeron un erro, volveren a Dumbría como marido e muller.

¿Que pensas que pasou despois, cando se perde toda pegada da parella en América? ¿Non tiveches a tentación de buscar a súa filla?

Esta é a principal interrogante que resta por despexar. O relato remata con Elisa e Marcela en Bos Aires en 1904. Elisa casara cun dinamarqués, un tal Jensen, que a denunciara por negarse a consumir o matrimonio e intentar acelerar a súa morte, digámolo así, porque as fontes de que dispoñemos son moi precarias para facer afirmacións contundentes. Ouíz que se ocupou do asunto, unha vez comprobado que Elisa era muller, decidiu sobreeser o caso por falta de probas. Eu supoño que a partir dese momento o matrimonio con Jensen non duraría moito e que Elisa continuaría vivindo coa súa inseparable amiga, que efectivamente tiña unha filla, nacida en Portugal en xaneiro de 1902, concretamente a noite de Reis. En 1995 estiveron en Bos Aires, e se a filla vivise tería daquela 93 anos. Pero non dei con ela. Espero que coa publicación do libro apareza alguén que poida darlle continuidade ao meu relato.

O libro abrangue un enfoque amplo: homosexualidade, hermafroditismo, travestismo... ¿Cal é o fío teórico que sostén este percorrido?

Eu tiña claro que había que contar unha historia, analizar os procesos académico e xudicial a que foron sometidas e considerar a repercusión pública do caso, e isto é o que se fai na pri-



meira parte do libro. Pero ao mesmo tempo quería comprender esta historia, e para afondar nela tropecei cun atranco difícil de superar: Marcela e Elisa non nos deixaron testemuños directos, ou polo menos eu non dei con eles. Así que decidín contar outras historias mellor documentadas, coa esperanza de que contribúisen a facer máis intelixible esta. Son historias, literarias ou reais, das que foron protagonistas hermafroditas, travestidas ou lesbianas, algunhas das cales tamén casaron con outra muller. Posiblemente non haxa ningún fío teórico preciso, máis alá do que conduce desde o hermafroditismo ao lesbianismo. En todo caso, un dos autores que está máis presente no meu traballo é Foucault, un pensador que ten intuicións xeniais, aínda que haxa que lelo con coidado, pois o seu discurso resulta ás veces excesivamente engaiolante...

Nas achegas que propós, figura unha especialmente reveladora: como o concepto de homosexualidade se desprende dun término envolvente: o hermafroditismo.

Como che dicía, Elisa e Marcela non nos legaron documentos que nos permitían reconstruír con precisión como se percibían. Só Elisa se deu unha identidade, que Marcela corroboraba, e coa que seguramente pretendía explicar a razón de ser do seu matrimonio: era hermafrodita. Así que había que comezar por descifrar o significado desta enigmática palabra, o que non resultou para min unha empresa fácil. De entrada descubrín, como descubren case todos os que se internan nestes dominios, que o hermafroditismo, denominado actualmente intersexualidade, é unha condición bastante máis frecuente do que adoitamos pensar. Na miña opinión, cando Elisa se declarou hermafrodita procuraba na natureza xustificación para unha conduta que non tiña cobertura na cultura do seu tempo. Pero o mesmo facían os psiquiatras, que buscarán durante moito tempo na anatomía signos explicativos da homosexualidade. E con independencia de posibles anomalías anatómicas, o certo é que a homosexualidade foi interpretada inicialmente pola psiquiatría como unha especie de androxinia interior ou hermafroditismo da alma, para dicilo con palabras de Foucault. Podemos concluír entón que ao se declarar hermafrodita Elisa non ía moi desencamiñada... É moi posible que o fixese logo de ler algún tratado de medicina, aos que era afeccionada.

¿Percibes algunha posible relación entre nacionalismo e arquetipos xenéricos? É dicir: en case todas as culturas, dáse por exemplo o fenómeno de que a homosexualidade é algo estranxeiro...

Convén recoñecer de entrada que eu non son un experto en homosexualidade, simplemente me documentei para poder contar cun certo criterio a historia de Elisa e Marcela. Pero é certo que case todas as sociedades tenden a situar o “mal” alén das súas fronteiras, como demostrou Laure Murat en *La loi du genre*. Une histoire culturelle du “troisième sexe”: para os franceses a homosexualidade sería o “vicio” italiano, para os alemáns a súa orixe sería francesa e alemá para os ingleses. Ao se facer público o caso que nos ocupa, un dos poucos médicos galegos que se pronunciou sobre el tamén sostíña que este fenómeno patolóxico era moi raro en Galicia... A mesma tendencia se observa nas discusións sobre o tamaño do clítoris, relacionadas co hermafroditismo: os clítoris “monstruosos” eran típicos de climas exóticos, e non de Inglaterra, onde só se coñecía un caso, segundo afirmaba unha comadroeira inglesa no século XVII. Resultaba un alivio situar a “enfermidade” no exterior da propia sociedade, por máis que as investigacións científicas demostrarán que a homosexualidade estaba presente, con máis ou menos intensidade, en todos os tempos e culturas.

Un século despois, a sociedade séguelle dando voltas á mesma cuestión: o matrimonio entre persoas do mesmo sexo...

Elisa e Marcela demostraron, cando menos, que o matrimonio homosexual non é un invento do presidente Rodríguez Zapatero. Que algunhas e algúns homosexuais queren casar e están dispostos a facer o que sexa para conseguilo. E resulta preocupante que unha parte da sociedade lles negue este dereito. Eu non quero trivializar, e recoñezo que todos fomos socializados nunha cultura na que o matrimonio se definía como a unión dun home e dunha muller, polo que necesitamos facer un esforzo para asumir que tamén pode casar un home con outro home ou unha muller con outra muller. Pero o esforzo é puramente mental: non se nos pide nada máis, só tolerancia e, se é posible, recoñecemento. De aí que resulte moi apropiado incluír esta temática na nova disciplina de “Educación para a cidadanía”. Porque se trata de ir ampliando dereitos e creando novos consensos arredor deles. No tocante á sexualidade, trátase de difundir a convicción de que todos temos o dereito de canalizar as nosas opcións sexuais na dirección que estimemos máis oportuna e no marco que desexemos, matrimonial ou extramatrimonial. A sociedade só debe preocuparse por garantir que ese dereito non choque con outros.

¿Como recibiron as feministas o teu discurso?

Antes de ser publicado, o libro lérono catro mulleres, todas elas feministas, aínda que cada unha ao seu xeito. Todas o valoraron globalmente de forma positiva, mais é certo que a algunhas lles preocupaba que eu buscase o “escándalo” ao reconstruír esta historia e outras consideraban que tiña un excesivo peso a perspectiva médica, sobre todo nos capítulos dedicados ao hermafroditismo e ao lesbianismo. É evidente que se o libro fose escrito por unha feminista, unha lesbiana, unha feminista lesbiana ou unha lesbiana feminista o resultado non sería o mesmo, mais tampouco o sería se o autor fose outro home. Revolución francesa só houbo unha, pero cada corrente historiográfica e historiador ofrécennos a súa propia versión...

¿E os colectivos de mulleres e homes homosexuais?

O colectivo homosexual coruñés Milhomes, encabezado por José Carlos Alonso Sánchez, leva varios anos batallando para que Elisa e Marcela sexan coñecidas e recoñecidas: creou un premio que leva o nome das dúas mestras, deu a coñecer a historia a través da prensa e de internet, reclamou que se dese o seu nome a unha rúa coruñesa... e está a contribuír tamén á difusión do meu libro. O día 7 deste mesmo mes, o Colectivo socialista lgtb Siete Colores organizou un acto, ao que fun convidado, para homenaxear a Elisa e Marcela como precursoras do matrimonio homosexual, segundo se pode ler nunha placa situada ao pé dunha árbore no parque coruñés de San Diego.

Co acopio de material que inclúes no libro, ¿pensas seguir indagando na cuestión, non xa da parella senón no terreo das identidades?

Non é seguro que siga no tema da sexualidade, aínda que teño en proxecto desde hai tempo un estudo sobre a masturbación, que non sei se chegarei a facer algún día. Trataríase de analizar, seguindo o ronsel trazado por Foucault, a evolución dos discursos e prácticas educativas articulados arredor da cuestión. O máis probable é que nos próximos anos me centre en contar outras historias sobre mestres e mestras, que seguramente non serán tan extraordinarias como a de Elisa e Marcela, mestras tamén. ■

26 F E B R E I R O D O 2 0 0 9 - N Ú M E R O 7 5 9

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



Mario Regueira



'Terrorista'

Mario Regueira

Nos arrabaldos dunha cidade obreira, no contexto dunha crise que está a condenar os empregados do estaleiro ao paro, un neno tenta encaixar no seu mundo o discurso sobre a ameaza terrorista que desde os medios de comunicación se difunde para xerar o pánico entre a poboación. Ese é o cerne do relato co que o escritor Mario Regueira (Ferrol, 1979) colabora neste número da *Revista das Letras*, suplemento no que se deu a coñecer como poeta hai uns anos. Licenciado en Dereito e Filoloxía, crítico literario, membro do proxecto editorial Estaleiro Editora e autor de numerosos textos en publicacións como *A Dorna*, *Nova Ólisbos*, *Grial*, *Vieiros* ou *Sonotone*, Regueira revelouse como unha das voces máis sólidas da corrente de renovación literaria agromada da súa xeración coa inusual *L'affiche rouge*, a súa primeira novela, no 2007. Antes publicara xa o libro de relatos *Rebelión no inverno*, (Xerais, 2004) e o poemario *Tanxerina* (Espiral Maior, 2006), co que gañou o Premio de poesía Pérez Parallé. A súa última obra, *Blues da Crecente*, obtivo o Premio Johán Carballera de Poesía, e con el un chanzo máis no recoñecemento dun labor creador alicerzado na contracultura e o inconformismo como espazos de reflexión e crítica da realidade.

n aquela época eu tiña uns seis ou sete anos e a cidade estaba en crise. É curiosa a percepción feliz que os nenos poden ter até dos tempos máis duros. Ao meu pai rebentáralle o último coche de segunda mao e non chegaban os cartos para outro, así que tiña que ir todos os días ao estaleiro en bicicleta. Todos os días eu agardaba na porta da nosa casa á hora de comer para velo volver polo fondo da rúa, saudándome coa mao. Do mesmo xeito e sobre a mesma hora retornaban moitos dos homes que vivían no arrabaldo, o que para os nenos da rúa constituía un achegamento do mundo adulto á nosa realidade. Como cando os maiores se agachan para escoitar mellor os cativos, aquel batallón de bicicletas lembraba demasiado ao que facían polas tardes os rapaces do barrio, formaba parte da mesma realidade e construía a idea dunha transición suave, como se a infancia e a madurez fosen un continuo sen rupturas violentas. Do mesmo xeito optimista tomabamos naqueles tempos os reforzos coloristas que as nosas nais cosían nos xeonllos do pantalón, ou a improvisación artesanal da maior parte dos nosos xoguetes, algúns deles, como os aros das canastras, forxados nas horas de descanso na mesma maquinaria industrial que segundo os xornais da época, xeraba déficit e forzaba reconversións, regulacións de emprego, rapaces que tiñan que marchar do barrio, crise, batallóns de bicicletas.

Lonxe da nosa consciencia da carestía de cousas que nunca tiveramos, a infancia dos nenos do arrabaldo acontecía feliz. O meu pai dera en practicar naquela época as afeccións baratas que xeraban pequenas riquezas e que suplían algunhas carencias. A pesca, ou a caza, cunha escopeta vella que xa fora do meu avó. En ocasións espertaba as fins de semana moi de mañá e atopábao preparado para saír, vestido cun impermeábel verde e cunha gorra, coa vella arma pendurada do brazo e a cadela da casa inqueda e nerviosa rodeándoo e fungando feliz cara á porta. Bicábame e marchaba prometendo sempre que un día me levaría con el e que me aprendería a cazar, que sería o mellor cazador da redonda. Xeralmente non volvía até mediada a tarde, cunha ristra de coellos pendurados dun gancho que pousaba sorrinte na cociña para que miña nai os limpase. Se cadra noutro contexto afastaríanme das tarefas de limpeza para non ferir a miña sensibilidade infantil cara

aos pequenos mamíferos peludos e de orellas longas.

Porén, é importante aprenderlles ás crianzas a non temer a comida, sobre todo cando esta escasea, así que nunca me negaron a contemplación daquel ritual sanguento, mesmo cheguei a collerlle gusto ao espectáculo da miña nai espelexándoos, e á pequena sorpresa de atopar un corazón pequeno no medio dos minúsculos peitos. Lembro estar xogando a levantarlles as pálpebras e procurar algún reflexo naqueles ollos, como se a familiaridade cos fenómenos da morte fose tamén unha ensinanza importante coa que familiarizarse canto antes.

O resto dos días meu pai estaba maiormente ausente. As quendas eran longas e alternaban día e noite con bastante frecuencia, polo que moi poucas veces podía atopalo na casa. Á volta do colexio pasaba as tardes xogando na rúa cos outros rapaces do barrio ou, cando viña o mal tempo, no salón onde miña nai amañaba roupa para fóra. Teño lembranzas moi vívidas de estar sentado nunha manta no chao, cos meus xoguetes, mentres a máquina de coser raqueteaba de cando en cando interrompendo os discursos da sempiterna radio. Miña nai sempre puña na mesma emisora, unha que aborrecía as mañás dos domingos con discursos sobre a misa á que nunca me levaban e sobresaltaba a miña curiosidade ás doce en punto cunha salve á virxe que non sabía como interpretar. Moitos anos despois falei coa miña nai sobre o tema para tratar de descubrir por que na nosa casa se escoitaban emisoras relixiosas. Non soubo darme unha razón, supoño que a programación local dalgunhas horas do día era o suficientemente interesante e o costume facía o resto, incluído o feito terríbel de ter que aturar as tertulias que salferían todo aquel discurso epifánico.

Precisamente naquelas tertulias foi cando comecei a escoitar falar dos terroristas. En realidade eu xa tiña alguhas nocións sobre eles, a televisión falaba a miúdo dos atentados que se producían por todo o país. A tan curta idade era practicamente imposíbel para unha crianza coma min poder entender algo de todo o contexto sociopolítico do momento. Para min encarnaban o mal, o mal feito un bloque continuo e sen fisuras do que falaban os pais e os mestres cando che dicían “iso está mal”.

A idea dun grupo que se espallaba polo país matando xente e poñendo bombas representaba, sen dúbida, toda a malignidade que puidera darse encarnado no mundo. A miúdo preguntáballes en vano aos maiores por que razón aquela xente mataba, obtendo as máis das veces silencios, exhortacións para ir xogar fóra ou noutras ocasións aquilo de “xa o entenderás cando sexas maior”. Porén existía un factor peor que o desconcerto, e era o medo, o absoluto pánico de que algunhas daquelas bombas me rebentasen mentras xogaba na rúa ou puidese pasarlle algo a calquera persoa da miña familia. Supoño que eses medos eran lóxicos nunha crianza tan nova que se enfrontaba aos medios de comunicación como fornecedores de verdades absolutas que ademais atinxían á súa realidade dun xeito uniforme. Pola radio dicían constantemente que “calquera podía ser un obxectivo terrorista”, e eu non o dubidaba.

Naquela época eu non podía comprender o improbable de que o meu barrio, un arrabaldo obreiro dunha cidade pequena, fose obxectivo terrorista. Tampouco podía comprender que había outros obxectivos moito máis probábeis. Así, os estaleiros de contrución militar nos que traballaba meu pai.

Foi unha mañá de verán, na que eu ficara xogando na casa mentres miña nai cosía, coa radio posta, como de costume. Eu non atendía ao que dicían nos informativos locais, foi ela quen parou de súpeto de coser e comezou a dar voltas por toda a sala. “Puxeron unha bomba no traballo de papá”. Unha bomba. Todo o medo acumulado ante as ameazas do mal absoluto caeume de súpeto, como un peso enorme, no estómago. Miña nai seguiu a remexerse inqueda, faltaba aínda moito para o momento no que papá tiña que volver saudando coa mao dende o fondo da rúa. Eu pedínlle que me deixase baixar, pretendía agardar sentado na porta as case catro horas que restaban, como se así puidese exorcizar calquera tipo de mal. Porén, miña nai non me deixou moverme da casa, deixarme baixar á rúa, aínda a sentar no limiar da porta da casa, era para ela expoñerme tamén ao perigo. Naquel momento todo era posíbel, até que a desgraza se multiplicase e lle levase ao tempo o home e o fillo. Subiulle á radio, pero esta negábase a dar informacións claras ou continuadas, así que seguiu a dar voltas pola casa, asomándose de cando en cando á fiestra. A radio informou dunha explosión e cinco mortos, e miña nai sentou no sofá da sala, levou a mao a boca e tratou de non chorar diante de min. Pasou case unha hora cando a porta se abriu sorpresivamente.

Era papá.

Miña nai abalanzouse sobre el e estivo abrazándoo en silencio durante o que me pareceu unha eternidade. El sinxelamente apertábaa e sorría. Nun determinado momento soltáronse e entón agachouse para abrazarme a min tamén.

–Canta xente morreu, papá?

–Ninguén, meu rei, non morreu ninguén.

Miña nai volveuse cara a el:

–Pero na radio dixeron que morreran cinco persoas.

–Non é certo, non morreu ninguén. Rebentou parte dun barco e mandáronnos a todos para a casa, pero non pasou nada. –a súa mao pasaba

polo meu pelo, entón olloume, sorriu enigmáticamente e chiscoume un ollo.

Era certo, o dos cinco mortos fora un erro, ou unha información malintencionada por parte da emisora. Aquela mañá no estaleiro non morreu ninguén, a pesar de que crin até que fun maior e puiden revisar o feito nas hemerotecas, que meu pai me mentira aquela mañá.

Na hora de comer, coa miña nai xa algo recuperada eu pretendín aclarar algo do grave enigma moral que supuña a mera existencia dos terroristas.

–Papá, por que querían matarvos os terroristas?

–Non querían matarnos, rei.

–Entón, por que puxeron a bomba?

Meu pai suspirou mentres deixaba a vista perdida na fiestra da cociña. Supoño que nesa altura estaba a pensar se darme a frustrante resposta de “xa o entenderás cando sexas maior” ou embarcarse nunha tremenda e farragosa explicación. Finalmente mirou de reollo para a miña nai, sentoume nunha cadeira fronte a el, miroume fixamente aos ollos e comezou:

–A ver, hoxe os terroristas non quixeron matar a ninguén, só facer unha desfeita nun barco porque era do Exército e o Exército non nolo quería pagar.

–Pero os terroristas matan xente. Non tes medo de que nos maten?

–Matan, é verdade, e iso está mal, non hai que matar a ninguén, pero non tes que ter medo, porque nunca nos farán mal nin a min, nin a ti nin a mamá.

–Por que, papá?

–Porque somos obreiros.

–E os terroristas non matan obreiros?

–Non, polo menos non a propósito. Puideron matarnos se a bomba estourase a destempo, pero non sería a propósito.

–E logo por que?

–Eles cren que nos están a defender. Eu preferiría que non nos defendesen, que non matasen a xente e que non puxesen bombas, pero tamén sei que non me van facer mal.

Nese momento a miña forma de ver as cousas deu un pequeno xiro. Unha resposta que formulaba miles e miles de novas preguntas. Se cadra a máis evidente ía seguir a partir de aí, pero nunca chegou a ser formulada. Miña nai interrompeu a conversa dun xeito abrupto:

–Como lle dis iso ao pequeno? Hoxe puidiches morrer todos alí. Non lle fagas caso ao teu pai. Son malos. Se hoxe teu pai estivese a traballar no barco que rebentou había morrer alí, e ía dar igual que fose obreiro ou non.

–Nena, avisaron con dúas horas de antelación, evacuaron a todo o mundo.

–E se rebentase antes? E se tivesen un fallo, e se estoupase algún mísil do barco? A quen lle pido contas e lle vou contar que es un obreiro se morres alí?

–A min non me parece ben o que fixeron, só lle estou explicando ao neno que eu, que ningún de nós era o obxectivo.

–E iso que máis dá, as bombas non pensan, non distinguen unhas persoas doutras.

–Sabes canta xente vai ir fóra coa próxima regulación de emprego? E eses cabróns sen pagar, pois que tomen polo saco. A min non me parece ben, pero tal e como foron as cousas tamén non o sinto nadiña. Xa fixeron máis por nós hoxe que o puto sindicato en todo o ano.

–Si, os teus defensores, non? Ten en conta que non te confundan con outro. Ten en conta que non poñan unha bomba nun banco e leven a túa muller e o teu fillo sen querer. –miña nai agachouse, colleume polos brazos e zarandeoume– Non lle fagas caso ao teu pai!!! Esa xente non defende a ninguén, son todos uns asasinados!!! -tardei en decatarme de que estaba chorando, xusto o tempo que tardou meu pai en erguela e abrazala.

Esa tarde miña nai puxo de novo a mesma emisora, que aquel día dedicou parte do tempo ao atentado acontecido na cidade. Non repetiron o dos cinco mortos, pero tamén non rectificaron, polo que a dúbida acabou por asentarse definitivamente na miña mente infantil. Ademais diso, aquela tarde deron unha información absolutamente estarrecedora. Poñendo o ton de voz grave que empregaba para as grandes advertencias, unha das locutoras dixo que había que ter coidado, porque os terroristas vivían infiltrados na sociedade. Calquera persoa, até o familiar máis próximo, podía vivir esa dobre vida e formar parte dun comando disposto a atacar en calquera momento. Deseguido comezou a enumerar casos coñecidos, terroristas que viviran unha vida absolutamente normal, cun emprego normal e unha familia que ignoraba inocentemente o horror ao que vivían entregados. No intre de ser detidos ningún dos seus familiares ou amigos dera crédito a que aquela persoa puidera facer semellantes cousas.

Nese intre non lle dei maior importancia ao que escoitara. Seguía suficientemente confuso sobre o tema despois de escoitar a discusión dos meus pais e aquilo non contribuía moito a aclarar as cousas. Inconscientemente pensei en todas as persoas cariñosas e amábeis que rodeaban a miña vida e imaxineinas poñendo bombas ou asasinando xente. O panadeiro do barrio, que sempre me agasallaba caramelos, ou a profesora da aula do lado, a quen toda escola querría ter como mestra. Por un intre até pensei nos meus avós e nos meus pais, pero todo me provocaba a mesma sensación de irrealidade e estranxeza. Se aquelas persoas podían poñer bombas, entón se cadra era certo aquilo que lle escoitara ao meu pai, que trataban de defendernos, que realmente non eran tan malos como contaban na radio e na televisión.

No final da tarde meu pai veu onda min e preguntoume se o acompañaba a dar un paseo coa cadela. Durante un tempo andamos polas rúas do arrabaldo en silencio, mentres a cadela choutaba e corría por diante de nós. Algún tempo despois meu pai sacou o tema con coidado e comezou a explicarme que volvera moi nervioso do traballo e que dixerá cousas que non debería dicir. Nun determinado momento baixou onda min, miroume aos ollos e pedíume que o esquecera todo.

–Ten razón túa nai. Esa xente non defende a ninguén, dálles igual chegado o caso a quen collan por diante. Fálle caso á túa nai. O que fai esa xente está mal. E non lle contes a ninguén que dixen que estaba de acordo co que fixeron.

Eu sabía, naquel momento que meu pai estaba a amosar unha vulnerabilidade que eu lle descoñecía. Unha febleza que constituía a primeira fisura na idea de heroicidade absoluta que tiña asociada con el. Por primeira vez na miña vida fun consciente de que ao meu pai

lle tremía a voz e lle brillaban os ollos. Naquel momento puiden asociar con certo éxito á discusión que tivera coa miña nai, intuír, aínda que non puidera comprendelo aínda, que meu pai acababa de ceder parte da súa ideoloxía para maior gloria da súa relación e do porvir unido da súa familia.

Porén, non o fixen, non fun capaz de comprender que a contradición que meu pai estaba explicitando estaba relacionada con iso, e asocieino inmediatamente á primeira idea alternativa que pasou pola miña cabeza. O meu pai tivera un momento de debilidade ao volver á casa despois de que desaloxasen o estaleiro, falara de máis levado pola tensión, e agora tiña medo.

Puxera en perigo a súa seguridade e trataba de amañalo desdicíndose. A cada paso que dabamos pola rúa eu ía sentindo unha terríbel certeza dentro de min, que o silencio entre os dous non facía máis que confirmar. Non cabía dúbida: meu pai era un terrorista, por iso lle tremía a voz e lle brillaban os ollos. Fora el o que puxera a bomba no estaleiro.

Naquel momento meu pai debeume notar estraño, pero non dixo nada. Volvemos á casa en silencio, coa cadela derreada de tanto correr seguíndonos a certa distancia. Nalgún momento preguntoume se me atopaba ben ou se había algo que non entendera. Eu disimulei un medio sorriso

e asentín. Apenas podía crer que a miña curta idade me permitise desvelar o que albiscaba como o segredo máis grande do meu pai, algo do que ninguén debía estar ao tanto, a xulgar pola discusión desa mañá, nin sequera a miña nai. No camiño de volta, a miña mente foi enfiando todas as pezas que encaixaban naquel crebacabezas. A seguridade coa que meu pai advertira da ausencia de todo perigo. Aquel “avisaron con dúas horas”, dito co ton de voz forte que empregaba cando sabía que tiña razón, o xeito rotundo no que dixerá que a nós nunca nos había de pasar nada, que eramos obreiros e, por tanto, nunca seríamos obxectivos. Dalgún xeito estaba a dicir tamén que eramos a súa familia, e que, por tanto, estabamos protexidos. Unha inxente morea de pezas comezaron a encaixar pola súa conta, e moitas outras fixérono cun leve empurrón do meu razoamento.

As saídas a cazar dos sábados, por exemplo, eran simples pretextos para adestrar no monte. Porque os terroristas adestraban no monte, diso estaba certo. Eu tíñaos visto en gravacións que botaban ás veces nos telexornais: varios individuos vestidos dun escrupuloso negro, con boinas e pasamontañas, que disparaban contra dianas penduradas das árbores ou facían voar coches abandonados. Non me cabía dúbida, meu pai, rebentado de traballar toda a semana, reservaba as mañás dos sábados para erguerse cedo, coller unha vella escopeta, achegarse ao monte máis afastado da cidade e cambiala por unha ametralladora ou unha pistola coa que adestrar para unha loita á que eu aínda non podía atoparlle un sentido. Non era certo que no terceiro caixón contando por arriba da súa mesa de noite tiña unha vella boina que seica fora do avó? Sen dúbida iso era outra mentira, outro xeito de ocultar unha peza do seu uniforme segredo. Naquel intre non me coubo a menor dúbida de que os terroristas ocultaban no monte, ademais dun arsenal, unha pequena granxa

de coellos. Cando remataba a mañá do sábado íanos matando e cada un levaba uns cantos para enganar a familia e xustificar que realmente estiveran cazando. Se cadra matar aqueles animais así, a queimarroupa, era outra parte do adestramento, un xeito de domar os escrúpulos e prepararse para a dureza do seu traballo.

Pero, naturalmente todo aquilo implicaba aínda moito máis que unha pequena sorpresa.

Os ollos mortos dos coellos, que eu xogaba a procurar con mal disimulada fascinación polo feito distorsionante da morte, convertéronse en algo moito máis transcendental. As pequenas bólas negras pasaron a ser rodas minúsculas, que multiplicadas e postas en cadea arrastraban sobre si o bloque inmenso e demoledor dunha historia moito máis grande. Meu pai era un terrorista. Aquelas mortes diminutas da mañá dos sábados, a carne morta que comiamos durante a semana con arroz e tragando ao tempo outra mentira máis, os pequenos corazóns que caían a rolos do peito aberto dos animais... todo aquilo representaba o feito máis grave das mortes reais, os asasinatos, as bombas, o terríbel drama de maldade sen fin do que falaba a radio. Meu pai era tamén un asasino. Se cadra non matara a ninguén aínda, só aos coellos dos sábados, pero si era un asasino en potencia, estaba disposto a facer todo aquilo que durante anos me ensinaran a repudiar, abrazar o mal absoluto de matar polas súas ideas. Non quería pensar no drama que tería lugar se miña nai chegase a descubri-lo. Seguiríao querendo, diso non me cabía dúbida. O seu amor era outro elemento sólido e sen fisuras que non caería nin sequera ante unha revelación de tal magnitude, pero miña nai sufriría moitísimo. Podía imaxinar o abnegado e sacrificado agarimo que lle brindaría apartir daquel momento, o silencioso e doloroso amor que enchería a súa vida, como unha visión magnificada da decepción que lle brillaba nos ollos cando lle dicían que me portara mal na escola. Perdoaríao, sen dúbida, e precisamente por iso era mellor que non chegase nunca a sabelo.

Eu tamén o perdoeei. Non pensei en non perdoalo nin sequera durante un intre. No mesmo camiño no que fun atando todos os cabos configurei e redondeei tamén o heroe que o meu pai sempre fora para min. Non me importaba o que dixera a radio da miña nai ou a televisión, a verdade estaba naquelas poucas palabras que delataran o meu pai unha certa mañá. Eran defensores dos obreiros, protexíannos dos poderosos, e non había problema moral que puidera oporse á certeza dun cativo de sete anos que cre que o seu pai é un heroe. A morte era sempre un desgrazado accidente, o mesmo que destellaba escuridade nos ollos dos coellos. Non só non había denunciar a meu pai, senón que gardaría o segredo escrupulosamente, pasaría a ser o seu cómplice, e nunca, nin baixo tortura falaría da boina oculta no terceiro caixón contando dende arriba da súa mesa de noite, nin dos coellos, nin das palabras que se lle escaparan aquela mañá ou a titubeante tentativa de corrixilas.

A partir dese día pasei a interpretar todas as noticias sobre os terroristas na mesma clave, unha clave que incluía a miña propia vida. Seguía con interese os anuncios dos atentados, sabía que tiña que haber máis dun comando, e

que seguramente o do meu pai, tras a bomba no estaleiro, permanecería cauteloso durante un tempo. Nos días seguintes escoitei como a policía culpaba un comando itinerante, e funlle preguntar á miña nai o que significaba aquilo: –Que significa itinerante, mamá? –Que non para en ningún sitio, que anda de aquí para alí, facendo mal onde lle cadra.

Non puiden evitar unha ollada de esguello ao meu pai, que nese momento estaba a amañar unha das fiestras da cociña, e tampouco puiden disimular un sorriso malicioso. Se seguían un comando itinerante non podían estar máis errados, a xente do meu pai estaba a salvo. Do mesmo xeito aconteceu meses despois cando nun novo atentado, o grupo armado derrubou as torretas da luz da comarca. No principio semellaba un corte de luz habitual, pero tardaba tanto en volver, que meus pais decidiron sacar unha vella radio de pilas. Lembro perfectamente estar sentado no sofá da sala a carón do meu pai e escoitar a noticia. Un grupo armado fixera estourar unhas torretas situadas nun monte das aforas da cidade, toda a comarca estaba sen luz. Non había vítimas mortais. Un sorriso de orella a orella cruzou o meu rostro, e o meu pai volveuse estrañado na penumbra do entardecer. Collín aire para dicir algo, pero nese momento miña nai entrou na sala, maldicindo novamente os terroristas e meu pai levou un dedo aos beizos e acariñoume a cabeza. Ficamos en silencio e nunca souben como interpretar aquel xesto, se el sabía que eu sospeitaba algo, ou se sinxelamente fora un confiado xesto de complicidade.

De todos os xeitos, os xestos de complicidade sucedíanse. Cando o vía marchar os sábados polas mañás xa non lle pedía que me levase con el, e el deixara de prometermo. Sinxelamente desexáballes sorte e volvía para a cama, onde ficaba durmido de novo entre fantasías de homes facendo prácticas de tiro. Tamén deixei de xogar cos coellos mortos que traía á volta, aqueles animais asasinados formaban parte da nosa traxedia, e dedicábame a comelos no mesmo silencio que a súa presenza esixía de min.

Ao mesmo tempo, se antes me tiraba o sono a posibilidade de que un atentado puidese afectarme a min ou á miña familia, todos os meus temores volveron cara ao lado contrario. Tiña pesadelos con que alguén descubri-se o meu pai, que o detivesen unha mañá no traballo e non volver velo, ou que a Policía os asaltase no monte, durante os adestramentos, e acabasen por asinalo. Imaxinaba a porta da miña casa derrubada no medio da noite, e un monte de homes de azul apresando o meu pai, que en pixama, nin sequera tería tempo de coller a vella escopeta do avó, ou de procurar a pistola que seguro ocultaba nalgún lugar da casa. Miña nai berraría, e eu tería que tirar a furia inútil dos meus sete anos contra eles, mentres o sacaban alxemado da casa.

O tempo foi pasando de vagar e a crise da cidade acentuábase. Cada vez había máis parados, o aquel de mocidade eterna que trouxeran as bicicletas dos obreiros foise desbuxando e substituíndo no arrabaldo por un ton de desesperación. Un dos veráns máis solleiros que se lembraban na cidade veu acompañado doutro tipo de sombras. Os rapaces xa non agardaban felices a comitiva dos

seus pais volvendo do traballo, xa que cada vez menos deles tiñan un traballo do que regresar. Algúns deles recibiran as vacacións sabendo que nunca volverían entrar no estaleiro. Un día meu pai tamén deixou de ir traballar, e algunhas semanas despois miña nai díxome que estaba no paro. A regulación de emprego dos estaleiros deixáralo na rúa, aínda que eu ben sabía que aquilo tiña que estar relacionado coa súa militancia, que dalgún xeito sospeitaban del dende a bomba de meses atrás e que aquilo podía ser só o preludio dunha acción da policía contra nós. Meu pai nunca falou comigo da perda do traballo, para el era como un feito vergoñento, e ademais pensaba que cos meus anos non debía preocuparme por esas cuestións, aínda que a situación fose cada vez máis preocupante.

Como se seguise algunha nova rutina seguía saíndo da casa todas as mañás, esta vez a pé. Segundo miña nai ía buscar traballo, segundo a miña idea, seguía a traballar, aínda que en algo relacionado co comando terrorista. A situación non deixaba de inspirar outra cousa: por toda a cidade víanse homes desesperados sen traballo, xente pedindo esmola, e algúns outros que facían as maletas e marchaban a outros países. Se os terroristas eran os defensores dos obreiros, era o momento no que debían dar unha grande resposta a todo aquilo. Naturalmente eu non era capaz de entender de que xeito se podía defender os obreiros naquelas circunstancias. Vagamente relacionaba o feito cos poderosos, ese termo abstracto que pasara a substituír á orixe do mal dende aquela mañá na que o meu pai falara de máis. En realidade tampouco sabía que relación tiñan os poderosos coa crise, apenas imaxinaba que eles non debían andar a pedir esmola, nen estarían sen traballo, e que habían comer ben todos os días. Fose como fose, aquilo precisaba dunha acción urxente, unha bomba aínda máis grande que a que saltara aquel barco polos aires, pero que fixese crebar a crise que atenazaba a cidade. En que punto material daquela crise estouparía era algo que non podía imaxinar, pero no que de certo meu pai e os seus compañeiros andaban a traballar. Por iso, aínda sen ter traballo marchaba todas as mañás da casa, por iso non quería contar nada do que facía e levaba semanas calado e silencioso. Algo grave estaba a prepararse, e eu non deixaba de sentir constantemente no estómago unha estraña mestura de impaciencia e medo.

E finalmente aquel algo aconteceu. Unha mañá de verán, mentres miña nai cosía e a radio espaxaba o seu discurso habitual, o programa detívose e un informativo local deu a noticia de que fora detido un comando terrorista nun piso franco no centro da cidade. Ao parecer levaban semanas preparando un grande atentado contra un edificio do goberno. Eran as mesmas semanas que meu pai levaba sen traballo, baixando todos os días pola rúa principal do arrabaldo cara ao centro da cidade. Durante uns minutos non puiden borrar a súa imaxe alxemado, coas maos ás costas, mentres algún policía o introducía nun furgón. Pensei que probablemente nunca volvería velo, ou que tardaría tantos anos que nada tería sentido entre nós. Nunca podería dicirlle que había meses que o sabía todo, que gardara o segredo como un militante fiel máis, e que nada, nen a súa detención, pararía a loita dos obreiros, que aquela guerra contra os poderosos, fosen quen fosen, seguiría a pesar de todo. Dunha arroutada saín

correndo do cuarto e fun procurar a vella bicicleta.

Pedaleei como un tolo camiño do centro da cidade. Sabía que chegaba tarde. Non podería ver a imaxe pesadelesca que imaxinara había pouco, pero se cadra aínda chegaría a tempo de cruzarme co furgón no que ía. Pararía á beira da estrada e el vería pola fiestra o seu pequeno, nunha bicicleta dúas veces máis grande ca el, parado e véndoo pasar. E decatárase de todo e podería encarar a dura cadea co corazón algo máis alegre. Corrín todo o que puiden, pero non me crucei con ningún furgón da policía até que cheguei ás inmediacións da rúa na que estaba o piso franco. Alí, fronte á praza do mercado, varios coches policiais fechaban o paso, e varios policías encarapuchados cargaban cousas sacadas do piso nun deles. O medo impedíume achegarme moito, pero a noción de que meu pai xa non estaba alí fíxome ferver o sangue e as bágoas rodaron polas fazulas. Apoiei a bicicleta nunha parede e sentei no limiar dun edificio mentres fregaba a cara coas maos.

Entón, ao erguer a cabeza, foi que o vin. Na baixada de nivel na que estaba a praza do mercado, xusto nunha das portas do edificio, había un home vestido cunha especie de mandilón branco a carón dun barril de olivas. Tiña un aire entre canso e aborrecido, apoiado contra unha parede, pero ás veces berraba ao paso das persoas que entraban.

–Léveme unhas olivas, señora, que están boísimas.

Fiquei minutos ollando para aquela figura, aínda estremecido. Aquel home era o que eu imaxinara brutalmente detido había uns minutos, o mesmo ao que levaba meses gardándolle o segredo de que era un terrorista. Meu pai, un heroe da clase obreira. Estiven fitándoo durante varios minutos, entre confuso e conmocionado. Finalmente, recollín a bicicleta e marchei camiño ao arrabaldo procurando que non me vise.

Non debeu de verme, porque volveu á hora de sempre para comer, silencioso. Reparei que ao chegar deixaba un puñado de moedas na mesa da entrada, e miraba tristemente para a miña nai. Habitualmente de mañá, meu pai ía até a miña cama para ver se estaba destapado. Ao día seguinte tratei de agardalo esperto. Do mesmo xeito que pretendiera cruzarme con el parando a bicicleta, pretendía que atopase os meus ollos abertos no medio da escuridade do cuarto, para que, sen dicirlle nada, se decatase de todo e soubese que seguía sendo o heroe do seu fillo, e que nada pararía a loita dos obreiros, para que puidese encarar o duro día que lle agardaba co corazón algo máis alegre. Porén, a pesar de todo, non fun quen, non dei aguantado a noite enteira, nin dei espertado a tempo. Meu pai entrou no cuarto e atopoume destapado e nunha postura estraña.

Achegouse para colocarme na cama e eu medio espertei e díxenlle algo que debía ser a partes iguais, parte do soño e parte da realidade.

–Papá.

–Dime, meu rei.

–Acabade con eles.

–Claro, segue durmindo, anda.

